



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de decembro de 2019**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día doce de decembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1062).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extrarodinaria e urxente do 5 de decembro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1063).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN 11/2019). EXPTE. 12560/111.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 3/12/19 asinado polo xefe de Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Relación n.º 11/2019

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 11549/111

Sentenza nº 371 do 15 de novembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 232/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación presunta do recurso de reposición formulado contra resolución do 08/11/2018 sobre responsabilidade patrimonial.

Expte(s): 5096-243

Contía: 37.302,99 €

A sentenza ditada neste procedemento non é firme, é posible interpoñer recurso de apelación perante o TSXG.

Esta resolución confirma a resolución municipal, pero revisa o importe indemnizatorio e eleva a indemnización recoñecida en favor da demandante en 1.189,85 euros.

Ratifica o criterio legal municipal de imputación do dano ao contratista dentro da execución do contrato. Polo tanto, únicamente revisa a valoración dos danos e engade a cantidade anteriormente indicada, a indemnizar pola sociedade contratista.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto e verificar a execución da sentenza.

2.- Civil. Expediente nº 11700/111

Sentenza nº 166 do 7 de novembro de 2019

Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de Pontevedra

Ordinario: 333/2018

Demandante/Recorrente: Comunidade de Montes en man común de Cabral

Obxecto: Solicitude de que se declare que a porción do Monte Goral e a porción do Monte Bandeira, son propiedade da Comunidade de Montes en man común de Cabral

A sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso da comunidade de montes contra a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo por mor da cesión que se produciu en favor do Estado polo Concello, logo subrogada a Xunta de Galicia na posición do Estado.

O fundamento xurídico sexto resolve monográficamente a nulidade das cesións outorgadas polo Concello de Vigo, unha do 1975 e outra do 1979. A declaración de nulidade trae causa de apreciar tales terreos como monte veciñal en man común, e porque constan documentos nos que se acredita a disposición por parte dos Concellos deste tipo de terreos como "de propios", cando se trataba de montes veciñais en man común.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

3.- Social. Expediente nº 11751/111

Decreto nº 504 do 12 de novembro de 2019

Xulgado do Social (Reforzo) nº 1 de Vigo

Ordinario: 851/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidade, contrato servizo de vixilancia, socorrismo e asistencia sanitaria de primeiros auxilios en determinadas praias de Vigo.



Concello de Vigo

Esta resolución, acorda aceptar o desistimento do actor e considera rematado o procedemento por esta razón.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 12012/111
Sentenza nº 260 do 29 de outubro de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 85/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución do Concello de Vigo de data 03/05/2018 sobre delimitación das praias da Foz (esquerda) e parte da Calzoa para zona de espaxemento canino.
Expte(s): 12839/306
Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso promovido polos interesados, contra a delimitación de zonas de espaxemento canino en dúas praias do termo municipal de Vigo.

A resolución considera adecuada a tramitación da modificación da ordenanza municipal, firme por consentida, e polo tanto, ao amparo normativo para esta delimitación. Tamén resolve que se axusta ás previsións da Lei de Costas, e mailo respecto desta delimitación polos espazos incluídos na Rede Natura 2000.

Canto ás alegacións de tipo formal, rebatidas pola defensa municipal, foron íntegramente desestimadas.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 12155/111
Sentenza nº 377 do 20 de novembro de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 109/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: acordo da XGL do 28/01/2019 de resolución desestimatoria do recurso de alzada formulado contra acordos do órgano de selección do proceso selectivo para provisión en propiedade de 10 prazas de bombeiro correspondentes á OEP 201-2015-2016.
Expte(s): 33314-220, 32856-220, 33403-220 e 33525-220

Esta sentenza, que non é firme, desestima os alegatos e as pretensións da demanda, con custas taxadas.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade-Bombeiros) debe coñecer o resolto.

6.- Social. Expediente nº 12261/111
Sentenza nº 658 do 27 de novembro de 2019
Xulgado do Social nº 2 de Vigo
Ordinario: 640/2019
Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: recoñecemento de dereitos e cantidades fronte ao Concello de Vigo, derivados do contrato de traballo temporal, no marco do plan municipal de emprego, para a inserción laboral "Mulleres Vítimas Violencia de Xénero" ano 2018

Esta sentenza non é firme, e desestima o recurso da demandante, quen figurou contratada polo Concello de Vigo con cargo a un programa de inserción social, en colaboración coa Administración estatal, destinado a mulleres vítimas de violencia de xénero.

A sentenza desbota as dúas pretensións solicitadas; a declaración como persoal laboral temporal indefinido non fixo, e a aplicación do convenio colectivo do Concello de Vigo.

Canto á primeira delas, a falta de proba desa alegación, xunto co feito de que se tratou dunha traballadora con cargo a un programa de inserción, e o escaso tempo de traballo (12 meses determinados xa nas bases da convocatoria, e no propio contrato). Négase tamén calquera indicio de fraude nesta contratación.

No relativo ao convenio de aplicación, con cita expresa dunha sentenza de suplicación do TSXG, lembra a vixencia do Acordo marco que regula as condicións sociolaborais das contratacións realizadas no Marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

O Servizo de Emprego e Participación Cidadá debe coñecer do resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 12265/111

Sentenza nº 290 do 26 de novembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 237/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución de data 14/05/2019 ditada pola Secretaría do Goberno Local que desestima reclamación de responsabilidade patrimonial.

Expte(s): 5825/243

A sentenza firme desestima o recurso contencioso administrativo interposto contra a resolución da Secretaría do Goberno Local do 13 de xuño de 2019 (expte 5825/243), que desestimaba a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos sufridos polo impacto cun xabarín na estrada Clara Campoamor.

A sentenza imponse as costas ao recorrente co límite máximo de 400 euros.

Debe coñecer o resolto a Oficina de Patrimonio.

8.- Contencioso. Expediente nº 12266/111

Sentenza nº 293 do 28 de novembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 240/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: sanción de tráfico por estacionar en zona de carga e descarga.

Expte(s): 2018/07740

A sentenza firme estima o recurso contencioso administrativo fronte a resolución do concelleiro delegado da Área de Mobilidade e Seguridade que impuxo unha sanción por



Concello de Vigo

estacionamento en zona reservada a carga e descarga, que anula e revoga, con imposición de costas á Administración demandada.

Debe executar o resolto a Área de Mobilidade e Seguridade e de Tesourería-Recadación Executiva.

9.- Contencioso. Expediente nº 12339/111
Decreto nº 150 do 20 de novembro de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de A Coruña
Abreviado: 203/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución do Concello de Vigo ditada en expediente sancionador.
Expte(s): 2019/10672

Ten por desistido ao demandante e declara a satisfacción extraprocesual (resolución revogatoria do 04/11/2019).

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto e executar o acto revogatorio con devolución de ingreso indebido (100 euros, o 04/09/2019).

10.- Social. Expediente nº 12362/111
Sentenza nº 766 do 20 de novembro de 2019
Xulgado do Social nº 1 de Vigo
Ordinario: 909/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Recoñecemento de aplicación do convenio colectivo e reclamación de cantidades polos servizos prestados nun contrato temporal de fomento do emprego (Vigo Emprega 2018 2ª Quenda).

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda e absolve ao Concello das dúas pretensións formuladas polos actores:

- Aplicación do convenio colectivo provincial da construción
- Aplicación do AR/Convenio Colectivo do persoal integrado no cadro de persoal do Concello de Vigo (1999-2002)

11.- Contencioso. Expediente nº 12368/111
Auto do 26 de novembro de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 282/2019
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución do 14/06/19 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 27/06/18 que acordou a imposición dunha sanción pola instalación dunha terraza
Expte(s): 103993-210

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual (resolución do 25/10/2019 revogatoria: aplicación da bonificación do art. 85.1. da LPAC), con custas de oficio taxadas.

O departamento de Seguridade debe coñecer o resolto (e evitar a desconsideración en vía administrativa de escritos como o presentado o 24/05/2018 no expediente do caso).

12.- Contencioso. Expediente nº 12430/111
Auto do 18 de novembro de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 151/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: silencio administrativo polo que se desestima o recurso de reposición formulado contra decreto do 06/02/2019, en relación coa autorización de suspensión de descansos dos membros do Serv. de Extinción de Incendios.
Expte(s): 108986-210

Por medio deste Auto, se desestima a solicitude de execución provisional da sentenza que declara a nulidade do Decreto que autoriza á Xefatura de Bombeiros a suspender os descansos do persoal dese Servizo, para garantir a dispoñibilidade mínima de efectivos.

Esta resolución considera que non se xustifica a solicitude, e que os prexuízos causados á Administración municipal en caso de estimarse esta medida e revogarse a sentenza de instancia, serían de imposible ou moi difícil reparación.

A Xefatura do Servizo de Bombeiros, a Xefatura de Área de Seguridade, e a Xefatura da Área de Recursos Humanos deben de coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso desta administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.



Concello de Vigo

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dáse conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1064).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE O RECURSO PRESENTADO CONTRA O EXPEDIENTE DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS”. EXPTE. 15967/331.

Dáse conta do informe-proposta do 09/12/19, asinado pola xefa do servizo de Contratación, que di o seguinte:

Primeiro.- Tomar razón da Resolución nº 266/2019 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 300/2019, interposto por interposto por SERRAL, ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE ARCHIVOS Y BIBLIOTECAS, S.L.U. contra o anuncio e os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen na contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, expediente 15967/331 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL inadmite e desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir e desestimar o recurso interposto por SERRAL, ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE ARCHIVOS Y BIBLIOTECAS, S.L.U. contra o anuncio e os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen na contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, expediente 15967/331 do Concello de Vigo.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Segundo.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

4(1065).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO POSTERIOR E AUDITORÍA NO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS E ENTIDADES DEPENDENTES LOTES 2 E 3). EXPTE. 102724/140.

Visto o informe de fiscalización de data 09/12/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 5/12/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) (lotes 2 e 3)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación (102724/140) por procedemento aberto dos “Servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes previstas no Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro correspondente ao exercicio 2019”.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 3 de xuño de 2019 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 25 de setembro de 2019 que rexerán



Concello de Vigo

a contratación dos “Servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes previstas no Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro correspondente ao exercicio 2019”.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 66.832,20 € (IVE incluído), necesario para a execución do contrato de “Servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes previstas no Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro correspondente ao exercicio 2019”, con cargo á aplicación orzamentaria 9310.2270600 “Elaboración de auditorías”, conforme a seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2019: 17.520,00
- Ano 2020: 49.312,20

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida”.

Segundo.- O 15 de novembro de 2019 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Declarar desertos os lotes 1 “Control financeiro posterior de ingresos municipais” e 4 “Auditoría de contas Xerencia de Urbanismo” do procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) por non terse presentado ningunha proposición”.

Terceiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de novembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 2 “Control financeiro de subvencións” e 3 “Auditoría fundacións” do procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) na seguinte orde descendente:

- Lote 2 “Control financeiro de subvencións”:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|----------------------------|-------------------------|
| 1 | BM NEIRA AUDITORES, S.L.P. | 88 puntos |

- Lote 3 "Auditoría fundacións":

| | Licitador | Puntuación total |
|---|----------------------------|-------------------------|
| 1 | BM NEIRA AUDITORES, S.L.P. | 90 puntos |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, BM NEIRA AUDITORES, S.L.P. con CIF B-32.468.647, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., o día 25 de novembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 29 de novembro, dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de decembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 13 de novembro de 2019 e co acordo adoptado pola Mesa de Contratación



Concello de Vigo

no que se outorga a máxima puntuación na proposición avaliable mediante fórmula por ser o único licitador presentado e admitido do 21 de novembro de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., con B-32.468.647 o lote 2 “Control financeiro de subvencións” o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do lote é de 10.164,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.764,00 euros.*
- 2. Declara que o persoal destinado directamente á prestación do servizo deste lote ten realizado nos últimos 5 anos 269 horas de formación específica nalgunha das seguintes materias:*
 - Normativa reguladora das subvenciones.*
 - Normativa reguladora da contratación administrativa.*
 - Normativa en materia de Facendas Locais, réxime financeiro e orzamentario, contabilidade pública local ou tesourería.*
 - Normativa en materia de control interno das AAPP, control financeiro e/ou auditoría do sector público.*
 - Normativa reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*
 - Normativa aplicable en materia de persoal ao servizo das Administracións Públicas.*
 - Normativa reguladora da xestión patrimonial das Administracións Públicas.*

Adxudicar a BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., con B-32.468.647 o lote 3 “Auditoría fundacións” o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do lote é de 11.374,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 1.974,00 euros.*
- 2. Declara que o persoal destinado directamente á prestación do servizo deste lote ten realizado nos últimos 5 anos 232 horas de formación específica nalgunha das seguintes materias:*

- *Normativa reguladora das subvenciones.*
- *Normativa reguladora da contratación administrativa.*
- *Normativa en materia de Facendas Locais, réxime financeiro e orzamentario, contabilidade pública local ou tesourería.*
- *Normativa en materia de control interno das AAPP, control financeiro e/ou auditoría do sector público.*
- *Normativa reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Normativa aplicable en materia de persoal ao servizo das Administracións Públicas.*
- *Normativa reguladora da xestión patrimonial das Administracións Públicas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1066).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE AXUDAS AOS ALUMNOS. EXPTE. 24008/332.

Visto o informe de fiscalización do 5/12/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O Concelleiro Delegado de Educación e Xuventude en data 4 de decembro de 2019 asinou a orde de inicio do expediente para tramitar o presente convenio.

II.- A este expediente incorporase a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa de data 4 de decembro de 2019.
- Resolución reitoral de 7 de febreiro de 2019 pola que se convocan bolsas de comedor para o alumnado de grao e máster no curso 2018/2019 – Bases da convocatoria.
- Resolución reitoral de 26 de abril pola que se convocan axudas para alumnado da Universidade de vigo con circunstancias económicas ou familiares especiais no curso 2018/2019 – Bases da convocatoria..
- Resolución reitoral de 2 de xullo de 2019 pola que se publica a listaxe definitiva do alumnado con bolsas concedidas, denegadas e listaxe de agarda nas bolsas de comedor para o alumnado de grao e máster no curso 2018/2019 - Relación de beneficiarios.
- Resolución reitoral de 29 de xullo de 2019 pola que se publica a listaxe definitiva do alumnado con bolsas concedidas e denegadas das bolsas para o alumnado da Universidade de Vigo con circunstancias económicas ou familiares especiais no curso 2018/2019 - Relación de beneficiarios.



Concello de Vigo

- Datos da titularidade da conta bancaria da Universidade de Vigo.

LEXISLACION APLICABLE

- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas(LPAC).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)
- Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU).
- Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación para o ano 2019
- Instrución 1/2019, Secretaría de Goberno Local: funcionamento do rexistro electrónico de data 21.02.2019

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Obxecto: O presente expediente ten por obxecto a aprobación dun convenio colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento dun programa de concesión de axudas sociais aos alumnos, que ten por finalidade conseguir que ningún alumno quede excluído dos estudos universitarios por razóns económicas. As bolsas que forman parte deste proxecto buscan garantir a igualdade de oportunidades do alumnado cunha situación económica ou circunstancias familiares que podan dificultar o seu acceso e permanencia na universidade.

A Universidade de Vigo como organización pública ao servizo da sociedade ten a misión de formar unha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común, de xeito que os logros científicos e tecnolóxicos repercutan na mellora da sociedade.

O Concello e a Universidade de Vigo buscan colaborar en distintos ámbitos de interese recíproco, que permita a ambas partes acadar de maneira satisfactoria os seus fins institucionais, de xeito que o conxunto da sociedade poida seguir avanzando no coñecemento, a innovación e na competitividade, cun modelo de desenvolvemento máis responsable, equitativo e sostible.

2.-Réxime xurídico: A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público define no artigo 47.1 os convenios como os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Atendendo ao apartado 2. a) deste mesmo artigo estamos ante un convenio interadministrativo, entendendo por tales os firmados entre dúas ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados o dependentes de distintas Administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de

dereito público vinculado o dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Mediante este convenio o Concello e a Universidade de Vigo manifestan a súa vontade de colaboración para acadar unha maior integración social, cultural, e económica do alumnado e ao tempo contribuír na defensa e promoción dos intereses sociais que lles son propios.

3.- Requisitos de validez e eficacia: O artigo 48 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público habilita ás Administracións Públicas e as Universidades para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público como privado.

No que a Administración Local se refire o art. 57 da LRBRL dispón que “A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do estado e das Comunidades autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar en todo caso, mediante os consorcios e convenios administrativos que se asinen”. E en análogos termos se pronuncia a Lei de Administración Local de Galicia, que no artigo 199 precisa que “1. A Xunta de Galicia e as entidades locais poderán asinar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia”.

O citado artigo 48 da LRXSP recolle os requisitos de validez e eficacia: O convenio non pode supoñer cesión de titularidade da competencia. Debe mellorar a eficacia da xestión pública ao facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos. Cando inclúa compromisos financeiros para a administración axustarase ao disposto na lexislación orzamentaria. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

O convenio perfeccionase pola prestación do consentimento das partes e deberá incluír os contidos mínimos establecidos no artigo 49 da LRXSP, concretando as obrigas das partes asinantes do convenio, e o prazo de vixencia.

A tramitación do procedemento axustase as previsións do artigo 50 da LRXSP, incorporase unha memoria xustificativa na que se recolle a oportunidade do convenio e o carácter non contractual da actividade.

4.- Competencia: O Concello de Vigo ten competencias para a xestión dos seus intereses e para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal de Vigo, en virtude do sinalado no artigo 25 da LRBRL. Este precepto recolle tamén como competencias propias do municipio, a atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social, a ocupación do tempo libre, a promoción da cultura e equipamentos culturais, e, actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.

Por outra parte, o Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, recolle no artigo 7 entre as competencias desta universidade a da creación e xestión dos fondos para a axuda ao estudo, á investigación, á difusión da cultura e á cobertura de prestacións sociais.

O orzamento do concello de Vigo para o exercicio 2019 recolle a aplicación orzamentaria 3231.480.00.00 "Uvigo, becas, transporte, comedor e outras cooperacións" por importe de



Concello de Vigo

350.000 euros. Esta previsión orzamentaria responde ao interese desta Administración municipal de apoiar que aqueles estudantes que teñen dificultades económicas para acceder ou continuar os seus estudos universitarios tanto nunha necesidade vital como é unha adecuada alimentación, como para afrontar os gastos derivados da actividade académica.

5.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Educación e Xuventude.

Pola outra parte, asinará o convenio don Manuel Joaquín Reigosa Roger, na súa condición de Reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo Decreto 59/2018, do 21 de maio, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, no uso das atribucións conferidas polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (LOU), e o artigo 58.a) do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.

6.- Tramitación electrónica: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Universidade está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

7.-Transparencia: O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de Transparencia.

8.- Recursos: De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Á vista do exposto, coa conformidade do Concelleiro de Educación e Xuventude e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento de programas de axudas aos alumnos desta universidade.
- Aprobar e autorizar o gasto de 350.000,00 € para facer fronte ao pago do compromiso municipal recollido no convenio a favor da Universidade de Vigo co CIF nº Q8650002B, con cargo á aplicación orzamentaria 3231.480.00.00 "Uvigo, becas, transporte, comedor e outras cooperación" do vixente orzamento.
- Facultar ao Concelleiro de Educación e Xuventude para asinar o citado convenio para o caso de ser necesaria a substitución do Alcalde-Presidente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

"PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE AXUDAS AOS ALUMNOS".

Na casa do Concello, ade decembro de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo, designado na sesión do pleno da corporación do día 15 de xuño de 2019, en nome e representación deste Concello, en virtude do disposto nos artigos 21.1.b) e 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo Decreto 59/2018, do 21 de maio, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en nome e representación desta institución, no uso das atribucións conferidas polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (LOU), e o artigo 58.a) do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

EXPOÑEN

I.- Que en virtude do sinalado no artigo 25 da LRBRL, o Concello de Vigo ten competencias para a xestión dos seus intereses e para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal de Vigo.



Concello de Vigo

Constitúe, para o Concello de Vigo, unha cuestión de "interese xeral" atender as necesidades específicas do alumnado da Universidade no Campus de Vigo, ao tempo que considera un valor importante para esta cidade o desenvolvemento da institución universitaria e o benestar dos seus integrantes.

Esta preocupación ponse de manifesto a través de distintas accións municipais, dende a cesión de espazos como o que alberga a Escola Universitaria de Estudos Empresariais, o edificio de Areal, a expropiación de terreos para o Campus Lagoas-Marcosende, a subvención aos usuarios do transporte público con destino ao citado Campus, o apoio a proxectos de emprego ou emprendedores do seu estudantado e profesorado, así como outras cuestións desenvolvidas nestes 25 anos da institución académica.

II.- Que a Universidade de Vigo, de acordo co previsto na LOU e nos seus estatutos, presta o servizo público de ensino superior mediante a investigación, a docencia e o estudo; constituíndo funcións da Universidade ao servizo da sociedade as seguintes:

- Creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.*
- A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística.*
- A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.*
- A difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.*

A Universidade de Vigo concibe a súa finalidade esencial como un servizo público de calidade orientado á procura de maiores niveis de benestar para o conxunto da sociedade por medio da busca de avances sociais, científicos e tecnolóxicos nun marco de valores éticos xeralmente aceptados.

Para o desenvolvemento dos obxectivos anteriores, a Universidade foi dotada de solo e infraestruturas que a converten hoxe nun actor fundamental da ordenación do territorio e a mobilidade da contorna metropolitana de Vigo.

III.- Que dentro das políticas educativas, e económicas en xeral, o Concello asume o compromiso de colaborar cos entes, organismos, administracións e axentes sociais máis significativos no desenvolvemento dunha serie de accións culturais, deportivas, científicas, sociais e económicas que permitan lograr que os estudantes e, en xeral, os membros da comunidade universitaria máis desfavorecidos reciban axudas destinadas a mellorar a súa promoción no sistema educativo, redundando no beneficio da cidade en xeral. No orzamento municipal do presente exercicio está prevista unha aplicación orzamentaria 3231.480.00.00 "Uvigo, becas, transporte, comedor e outras cooperaciónns".

IV.- Que expresadas as anteriores competencias e obxectivos, o Concello e a Universidade de Vigo manifestan a súa intención de formalizar unha colaboración en distintos ámbitos de interese recíproco, que permita a ambas partes acadar de maneira satisfactoria os seus fins institucionais, de xeito que o conxunto da sociedade poida seguir avanzando no coñecemento, a innovación e na competitividade, cun modelo de desenvolvemento máis responsable, equitativo e sostible.

V.- Con base ao exposto e de conformidade co disposto no artigo 57 da LBRL e artigo 47.2 a) da LRXSP e co fin de regular a colaboración de ambas institucións as parte manifestan a súa vontade de asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- obxecto e finalidade do convenio

O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo pretenden con este convenio acadar unha maior integración social, cultural, e económica do alumnado da Universidade de Vigo e ao tempo contribuír na defensa e promoción dos intereses sociais que lle son propios mediante o desenvolvemento dun programa de concesión de axudas aos alumnos.

Este proxecto ten por finalidade conseguir que ningún alumno quede excluído dos estudos universitarios por razóns económicas. As bolsas que forman parte do programa teñen por obxecto garantir a igualdade de oportunidades do alumnado cunha situación económica ou circunstancias económicas ou familiares especiais que dificulten o limiten o seu acceso e permanencia na universidade.

Segunda .- Obrigas das partes.

A Universidade de Vigo comprométese a desenvolver un programa de axudas destinadas aos alumnos con dificultades económicas que comprenderá bolsas de comedor, e axudas para estudantes con circunstancias familiares ou económicas desfavorables na procura de que os mesmos poidan continuar realizando os seus estudos. Con este obxectivo convocará o programa de axudas que estime axeitadas destinadas a garantir que ninguén abandone os seus estudos polas dificultades sinaladas e elaborará as bases reguladoras das convocatorias garantindo a igualdade de oportunidades, asegurando a debida difusión entre os seus estudantes. Así mesmo, xestionará o procedemento de outorgamento das bolsas de conformidade coas bases reguladoras, nas que se terá en conta o nivel de renda e condicións especiais dos solicitantes como a de ser vítima de violencia de xénero e outras circunstancias sociais.

O Concello de Vigo, pola súa parte, asume o compromiso de colaborar no financiamento deste programa cunha achega por importe de 350.000 euros con cargo a a aplicación orzamentaria 3231.480.00.00 "Uvigo, becas, transporte, comedor e outras cooperación" no obxectivo de que ninguén quede excluído dos estudos universitarios por razóns económicas favorecendo a integración social destes estudantes.

Terceira.- Mecanismo de seguimento e control.

A vixilancia e o seguimento do convenio encomendase a unha comisión mixta integrada, por parte da Universidade de Vigo polo Vicerreitor de economía e a Xerente ou técnico no que se delegue, e por parte do Concello de Vigo, polo Concelleiro de Orzamentos de Facenda e a xefa do Servizo de educación ou técnico no que se delegue.

Cuarta.- Forma de pagamento.

A Universidade xustificará a aplicación destes fondos mediante un informe das actividades realizadas, o orzamento, e a relación de beneficiarios das bolsas outorgadas, xunto coa certificación do responsable da Tesoureira da Universidade na que conste que se realizou o ingreso polo importe da bolsa outorgada a cada un dos beneficiarios.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo aboará o importe da súa achega mediante transferencia a conta bancaria titularidade da Universidade de Vigo unha vez presentada por esta a documentación sinalada no apartado anterior, e previa comprobación de que o importe da achega municipal é inferior aos gastos derivados da execución do programa de axudas obxecto deste convenio.

Quinta.- Información

A Universidade de Vigo deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización.

Sexta.- Vixencia

A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Sétima.- Modificación do convenio

Calquera modificación non prevista do contido deste Convenio requirirá o acordo expreso das partes asinantes e instrumentarase mediante a correspondente Addenda.

Oitava.-Protección de datos

Os datos persoais da solicitante e o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a tramitación deste convenio.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal. Poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

Novena.-Causas de resolución.

Son causas de resolución deste Convenio o mutuo acordo das parte e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo de conformidade co previsto no artigo 51.2 da LRXSP, cos efectos establecidos no artigo 52 do referido texto legal.

Décima.-Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio terá carácter administrativo e rexerese polo establecido nas súas cláusulas quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do sector público agás para a resolución de dúbidas ou lagoas.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir someteranse á xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeira - Transparencia

Publicarase o convenio no Portal de Transparencia do Concello de Vigo de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E , en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, xx de decembro de 2019.”

6(1067).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO NOS MESES DE XU-LLO-AGOSTO-SETEMBRO DE 2019. EXPTE. 16955/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 2/12/19, asinado pola xefe do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19) e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orza-mento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contrato menor tramitados por este servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local nos meses de xullo-agosto-setembro de 2019:

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicatario | Importe |
|----------|-------|--|---------------------------|------------|
| 16583/77 | CMSER | Servizo de apoio técnico para difusión e formación en Robótica e fabricación dixital | Kidcode,S.L. | 4.356,00 € |
| 16586/77 | CMSUB | Subministro de equipamento para for-mación en Robótica e Fabricación dixi-tal | Kidcode,S.L. | 377,52 € |
| 16734/77 | CMSUB | Subministro de material e outros VIGO INTEGRÁ VI | Ediprem,S.A.U. | 2.051,56 € |
| 16738/77 | CMSER | Servizo de limpeza do Centro de Inicia-tivas de Emprego (CIE) | Mantelnor Limpiezas, S.L. | 628,67 € |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(1068).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE NO MES DE NOVEMBRO DO ANO 2019. EXPTE. 9716/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 3/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicataria/o | Aplicación orzamentaria | Data Decreto | Importe |
|----------|------|--|---------------------------------|-------------------------|--------------|------------|
| 9669-224 | CMSE | <i>Ponencia de alto impacto sobre a violencia de xénero dirixida ao alumnado de secundaria no acto central de "Enlaza Vigo contra a violencia de xénero"</i> | <i>Ianire Estebanez Castaño</i> | 23112260602 | 20/11/2019 | 1.000,00 € |



Concello de Vigo

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicatario/a | Aplicación orzamentaria | Data Decreto | Importe |
|----------|------|--|-----------------------------------|-------------------------|--------------|------------|
| 9684-224 | CMSE | <i>Emisión de cuñas para concienciar e informar á cidadanía sobre a violencia de xénero coa finalidade de previla, e informar sobre os servizos municipais que existen para as mulleres vítimas de violencia</i> | Uniprex SAU | 23112260200 | 18/11/2019 | 2.500,00 € |
| 9683-224 | CMSE | <i>Emisión de cuñas para concienciar e informar á cidadanía sobre a violencia de xénero coa finalidade de previla, e informar sobre os servizos municipais que existen para as mulleres vítimas de violencia</i> | Radio Vigo SAU | 23112260200 | 18/11/2019 | 5.024,83 € |
| 9685-224 | CMSE | <i>Emisión de cuñas para concienciar e informar á cidadanía sobre a violencia de xénero coa finalidade de previla, e informar sobre os servizos municipais que existen para as mulleres vítimas de violencia</i> | Radio Popular SA COPE | 23112260200 | 18/11/2019 | 2.985,88 € |
| 9688-224 | CMSE | <i>Campamento lúdico para nenas e nenos con perspectiva de xénero a realizar no Auditorio Mar de Vigo durante a última quincena de decembro.</i> | Daniela Alvite Waisman | 23112279906 | 18/11/2019 | 1.920,00 € |
| 9673-224 | CMSE | <i>Servizos para a participación do alumnado de secundaria nas actividades a prol da igualdade e da prevención da violencia de xénero, no Auditorio Mar de Vigo.</i> | Organización de Ideas de Éxito SL | 23112279903 | 22/11/2019 | 3.403,73 € |
| 9672-224 | CMSE | <i>Traslado do alumnado de secundaria para participar nas actividades a prol da igualdade e da prevención da violencia de xénero</i> | Empresa Miño S L | 23112279906 | 18/11/2019 | 4.306,50 € |
| 9699-224 | CMSE | <i>Megafonía e instalación dunha tarima para a manifestación convocada en Vigo o día 25 de novembro, con motivo do "Día internacional contra a violencia de xénero".</i> | Sonido Collazo S L | 23112279906 | 22/11/2019 | 1.149,50 € |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(1069).- PLAN DE OCUPACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2020. EXPTE. 14527/306.

Dáse conta do informe-proposta do 09/12/19, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- A concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 21 de novembro de 2019, iniciou expediente administrativo para a aprobación do plan de ocupación e explotación dos servizos de tempada nas praias do termo municipal de Vigo para a tempada estival do ano 2020, e, no seu caso, a prórroga das autorizacións outorgadas a terceiros para a explotacións destes servizos.

2.- A pedimento e coas indicacións do Servizo de Medio Ambiente, os arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo en data do 03/12/2019, elaboraron documentación técnica para estas instalacións:

- Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación nos que se representan as liñas de deslinde do dominio público marítimo terrestre e da zona de servidume deste dominio a escala 1/2000; de replanteo das instalacións de quiosco e dos servizos urbanísticos a escala 1:250 e fotografías.
- Planos de emprazamento dos quioscos sobre o de zonificación do PXOU e IOP.

3.- O delineante municipal da oficina de Inventario e Patrimonio en data 5 de decembro de 2019, informou sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

4.- En data do 9 de decembro de 2019, o Servizo de Medio Ambiente emitiu informe sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2019, sen menoscabo do dominio público.

II.- Fundamentos de dereito:

O artigo 115.c) da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais *“explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local”*.

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

- *As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que só requiran instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.*



Concello de Vigo

- *Haberá que solicitálas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,*
- *Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unha das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.*
- *Outorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por sí ou por terceiros.*

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles, que corresponde outorgar á administración do Estado.

O artigo 26 da citada Lei e 49.1. do regulamento que a desenvolve, establecen a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que corresponde outorgar á Comunidade Autónoma.

Tamén, o artigo 53.1., parágrafo segundo, da Lei 22/1988, de 28 de xullo, establece que “no caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respecten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”

O Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019), regula no seus artigos 18 a 24 os requisitos para autorizar as instalacións de quioscos, expendedores de comidas e bebidas, ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre.

Neste sentido, o Concello de Vigo ben aprobando anualmente o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo, que comprende aquelas instalacións desmontables situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre e aqueloutras situadas en terreos municipais en zona de servidume de protección ou de tránsito deste dominio. O prazo destas ocupacións estímase como xeral do 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2020.

As ditas instalacións de tempada: quioscos considéranse precisas nos areais polos servizos que prestan aos usuarios, non só polos subministracións de bocadillos, bebidas, xeados... senón tamén por dispor, encargarse da limpeza, de baños públicos e gratuítos para os usuarios como ben esixíndolles este Concello.

Elabórese unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:

| DESCRICIÓN | EMPRAZAMENTO | ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS | OCUPACIÓN PECHADA EN M2 | OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2 |
|------------|------------------------------|---|-------------------------|-----------------------------|
| QUIOSCO 1 | Areal da Punta. A Guía | Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito | 20 | 50 |
| QUIOSCO 2 | Areal de Santa Baia, Alcabre | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 50 |
| QUIOSCO 3 | Areal do Tombo do Gato | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 50 |
| QUIOSCO 4 | Areal do Tombo do Gato | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 50 |
| QUIOSCO 5 | Areal de Argazada | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 40 |
| QUIOSCO 6 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 50 |
| QUIOSCO 7 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 50 |
| QUIOSCO 8 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 50 |
| QUIOSCO 9 | Areal do Vao | Dominio público marítimo terrestre | 20 | 50 |
| QUIOSCO 10 | Areal do Vao | Dominio público marítimo terrestre | 20 | 50 |
| QUIOSCO 11 | Areal da Etea | Dominio público marítimo terrestre | 20 | 0 |

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos que se achegan no expediente.

A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, asinada dixitalmente o 03/12/2019 e obrante no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanísticos, adecuación á normativa de accesibilidade e a observancia, en tódolos casos, das prescricións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, o Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, que a desenvolve e o Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019).

O Decreto 38/2019, do 14 de marzo, de catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia (DOG 12/04/2019), aprobou a catalogación dos tramos urbanos e naturais



Concello de Vigo

das praias de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 33.6. da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, no artigo 67 e na disposición transitoria vixésimo cuarta do Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro. O citado Decreto cataloga os areais de A Punta, Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, Samil e Etea como tramos urbanos e o areal do Vao como natural.

Os quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11 que se sitúan en dominio público marítimo terrestre ou na zona de servidume de tránsito cuxa autorización sectorial corresponde ó Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica cumpre tanto co esixido para ocupacións en tramos naturais de praias como para ocupacións en tramos urbanos, segundo o establecido no artigo 68 e 69 do Regulamento de costas aprobado por Rd 876/2014, de 10 de outubro. Neste sentido as ocupación non superan os 20 m2 de superficie cerrada nin os 50 m2 de superficie de terraza aberta, sitúanse a unha distancia igual ou superior a 300 ml, a ocupación da praia e moi inferior ó 10% da superficie en preamar, e os usos están permitidos.

Os quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 que se sitúan na zona de servidume do dominio público marítimo terrestre cuxa autorización sectorial corresponde á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (CMAOT) cumpre co esixido especificamente para a instalacións desmontables de tempada do Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, superficie que non supera os 20 m2 de ocupación pechada, 50 m2 de ocupación aberta, distancia superior a 100 ml entre quioscos ou semellantes.

A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares.

O Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2020, recolle os mesmos quioscos e en idéntica situación que os instalados no ano 2019, modificándose minimamente o emprazamento do quiosco 2 Areal de Santa Baia e do quiosco 3 Tombo de Gato, por motivo da implantación de puntos de conexión permanentes ós servizos de abastecemento, saneamento e electricidade,

A adxudicación das autorizacións a terceiros no ano 2019, fíxose mediante un procedemento aberto de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva segundo consta no expediente administrativo número 13848/306. No referido procedemento consta que:

- A Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de maio de 2019, acordou:

1. *Autorizar a D. MANUEL LAGO CHAPELA para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente os lotes 1 "quiosco do areal da Punta (A Guía)", 7 "quiosco do areal de Samil" e 11 "quiosco do areal da Etea", cun canon de 1.371 euros, 18.771 euros e 5.771 euros, respectivamente.*
2. *Autorizar a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo*

2019 (13.848-306), concretamente os lotes 2 “quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre)”, 5 “quiosco do areal de Argazada” e 9 “quiosco situado no areal do Vao”, cun canon de 2.101,20 euros, 16.525,47 euros e 19.383,32 euros, respectivamente.

3. Autorizar a D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente o lote 3 “quiosco do areal do Tombo do Gato”, cun canon de 5.128,28 euros.
4. Autorizar a D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente os lotes 6 “quiosco do areal de Samil” e 10 “quiosco situado no areal do Vao”, cun canon de 17.533,33 euros e 6.533,33 euros, respectivamente.
5. Autorizar a D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente o lote 4 “quiosco do areal do Tombo do Gato” cun canon de 16.750 euros.
6. Autorizar a D^a. ESTELA RIAL ABALDE para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente o lote 8 “quiosco do areal de Samil” cun canon de 22.300 euros.
7. En todo caso, deberán acreditar o pagamento do seguro esixido na cláusula décima do PCAP no prazo de 10 días.

Todo iso de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno local e as ofertas presentadas”.

- O prego de cláusulas particulares que rexeu a adxudicación da licitación, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 11 de abril de 2019, establecía expresamente na cláusula terceira, apartado 4, que:

“4.- O concello, previo acordo expreso da Xunta de Goberno Local, poderá prorrogar as autorizacións para o período estival do ano 2020 (do 1 de xuño de 2020 ao 30 de setembro de 2020). Con carácter previo a adopción deste acordo, recabaranse as autorizacións da Xefatura Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecoloxía (lotes 1, 9, 10 e 11) e da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (lotes 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8) con cuxas condicións haberá que cumprir en todo momento.”

Na cláusula cuarta, apartado 5, o prego sinala que:

“5.- No suposto de prórroga do contrato, o canon para a temporada do ano 2020 terá que aboarse antes do 31 de maio de 2020 e este corresponderá co canon ofertado para o ano 2019 (temporada completa), sempre e cando sexa igual ou superior ó canon que resulte da aplicación das taxas das Ordenanzas fiscais municipais,



Concello de Vigo

incrementado, nos casos que proceda, co canon establecido polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica. No caso de que o canon ofertado fose inferior, terá que abonar o que resulte da aplicación das ordenanzas fiscais municipais incremento, no seu caso, co canon do Servizo Provincial de Costas para esa tempada.

A Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de Xullo, de Costas (BOE do 30 de maio, entrada en vigor ó día seguinte), introduciu diversas modificación na citada lei de costas, en concreto, no referente ás praias e amplía o prazo máximo das autorizacións para instalacións desmontables, quioscos de tempada, que pasan de un a catro anos.

A Disposición final terceira da citada Lei 2/2013, de 29 de maio, establece que:

“No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno aprobará a revisión do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e ditará as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento e execución desta Lei.”

O Regulamento xeral de costas foi aprobado por Rd 874/2014, de 10 de outubro.

A Xunta de Galicia na presente anualidade 2019 ditou os seguintes Decretos:

- O Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia (DOG 12/04/2019).
- O Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019).

A dita harmonización normativa entre a normativa reguladora destas instalacións de tempada no dominio público marítimo terrestre e zona de servidume deste dominio, que se produciu nesta anualidade 2019, permite instar autorizacións sectoriais para un período de catro anos. Non obstante, cómpre revisar en detalle os emprazamentos definitivos dos quioscos para dotalos de servizos permanente de electricidade, abastecemento e saneamento, modelos de quioscos, o que se vai a acometer durante esta anualidade 2020, polo que se considera procedente que se prorroguen as autorizacións de terceiros para a ocupación, instalación e explotación de servizos nas praias do término municipal de Vigo para o período estival do ano 2020 (01 de xuño de 2020 ao 30 de setembro de 2020), tal e como permite o prego das autorizacións outorgadas, tendo en consideración, ademais, a inmediatez da licitación (ano 2019) que se respectaron os principios esixidos pola Lei: publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

Non obstante, tal prórroga debe contar co consentimento dos adxudicatarios toda vez que o prego de condicións non establecía que esta fora obrigatorio.

Por último, cómpre sinalar respecto da posibilidade de instalar escolas de surf, bodiboard, longboard e paddle surf no dominio público marítimo terrestre que contempla o Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que:

- As praias de Vigo son eminentemente urbanas e contan na temporada estival cun número elevadísimo de usuarios nos areais e na lámina de auga. A súa alta afluencia e o seu uso prioritario para o baño suxire un problema importante de seguridade restrinxir este espazo e incorporar dentro das habituais zonas de baño outros usos diferentes.

- As zonas de práctica de surf no permiten a instalación dunha zona concreta balizada, pois obedecen a criterios meteorolóxicos e dependentes de moitos factores (mar de fondo, vento, mareas, etc), polo cal aínda instalando zonas balizadas propias para esta actividade, restrinxindo as zonas de baño, os usuarios solen desprazarse á mellor zona de práctica, esté ou non balizada, creando novamente problemas de seguridade para os bañistas.

- Independentemente das zonas balizadas establecidas na lámina de auga, a organización das actividades require un desprazamento diario de grandes materiais desde os seus emprazamentos de almacenaxe á propia lámina de auga. Este desprazamento constante implica un risco de seguridade para os usuarios do areal, e un malestar e fonte de queixas constante como xa pasou nas ocasións que algún destes servizos estivo presente nas praias.

Tamén, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 22/05/2006 acordou aprobar os criterios técnicos a ter en conta polos servizos municipais para autorizar ou prohibir as actividades que se soliciten nos areais da cidade na temporada de verán, indicando como absolutamente prioritaria a preservación dos areais para o seu uso libre, público e común por parte de todos os cidadáns, para o baño e o descanso, e que as actividades de tipo lúdico que se propoñan durante o período estival só deberían autorizarse con carácter excepcional, de forma restritiva.

Polo exposto, con obxecto de garantir a seguridade dos bañistas e disfrute deste dos areais, en principio, non considera conveniente a instalación de servizos de escolas de surf, bodiboard, longboard e paddle surf, no dominio público marítimo terrestre, tanto no areal como na zona de auga balizada para o baño durante a temporada estival, polo que o plan de explotación de servizos de temporada polo Concello de Vigo limitarase os quioscos antes citados.

A vista do anteriormente exposto, ao abeiro das atribucións de competencias que establece o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2020, de acordo cos informes, planos e demais documentación obrante no expediente 14527/306, que se citan na parte expositiva deste acordo e consistente en:



Concello de Vigo

- Documentación técnica redactada polos arquitectos municipais, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, e asinada electronicamente 03/12/2019, consistente en:

- Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación nos que se representan as liñas de deslinde do dominio público marítimo terrestre e da zona de servidume deste dominio a escala 1/2000; de replanteo das instalacións de quiosco e dos servizos urbanísticos a escala 1:250 e fotografías.
- Planos de emprazamento dos quioscos sobre o de zonificación do PXOU e IOP.

- Informe do delineante municipal da oficina de Inventario e Patrimonio en data 5 de decembro de 2019, sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

- Informe do Servizo de Medio Ambiente sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2019, sen menoscabo do dominio público.

SEGUNDO.- Remitir, a maior brevidade posible, este Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11) .

TERCEIRO.- Remitir, a maior brevidade posible, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) da Xunta de Galicia este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para que autorice a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).

CUARTO.- Requiritr ós adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areas do Concello de Vigo segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de maio de 2019, que se cita na parte expositiva deste acordo, para que no PRAZO DE QUINCE DÍAS HÁBILES a partir do día seguinte á notificación deste acordo, ACEPTEN ou NON a prórroga das ditas autorizacións para o período estival do ano 2020 (01 de xuño de 2020 ao 30 de setembro de 2020), nas condicións no seu día aprobadas, nas que se citan neste acordo e das que resulten das correspondentes autorizacións sectoriais.

QUINTO.- Unha vez obtidas as autorizacións sectoriais citadas, proceder á prórroga das autorizacións de ocupación, instalación e explotación a terceiros para a tempada estival 2020 para aqueles adxudicatarios que non se opoñan á prórroga da autorización; e proceder á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación, no seu caso, das autorizacións dos quioscos cuxos titulares da autorización se opoñan á prórroga da autorización para tempada 2020, de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do

Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 97/2019, de 18 de xullo, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.

SEXTO.- O concello de Vigo obrígase, como en anos anteriores, a esixir dos terceiros titulares das autorizacións en DPMT a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1070).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVICIO DE DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO ANOS 2020, 2021 E 2022. EXPTE. 14428/306.

Vistos o informe xurídico e informe de fiscalización do 09/12/19, dáse conta do informe-proposta do 05/12/19, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes de feito

O contrato administrativo ao amparo do cal a entidade Move Servicios de Ocio y Deporte, S.L. viña prestando os servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios, seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo, rematou o 15 de setembro de 2019, ó ter transcorrido o prazo de dous anos de vixencia de dito contrato e sen que fose prorrogado (expte. 12941/306).

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data do 25 de setembro de 2019, emite informe sobre a necesidade e idoneidade de efectuar un novo contrato administrativo para a prestación dos servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida en determinados areais do termo municipal de Vigo.

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, ao abeiro do establecido no artigo 116.1., Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019) en relación coas resolucións do alcalde de datas 18 e 26 de xuño de 2019, resolveu en data do 25/09/2019, *"Iniciar o procedemento administrativo para a contratación dos servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida en determinados areais do*



Concello de Vigo

termo municipal de Vigo, para os anos 2020, 2021 e 2022, e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 116 da LCSP e demais que legalmente proceda de conformidade coa citada norma” (expte. 14428/306).

Os areas nos que se prestarán os servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios serán:

“Rodas (Illas Cíes), Fortiñón (Saians), Canido (San Miguel de Oia), O Vao, Fontaiña (Coruxo), Samil, Argazada, O Tombo do Gato, Carril (Alcabre), A Punta (Teis).

Tamén, a prestación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida nos areas de Samil e o Vao.

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da concelleira delegada de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, redactou o correspondente prego de prescricións técnicas asinado dixitalmente en data 07/11/2019, memoria xustificativa asinada dixitalmente en data 27/11/2019, ampliación desta o 4/12/2019 que se incorporaron ó expediente.

A técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación redactaron o corresponden prego definitivo de cláusulas administrativas particulares sendo asinado dixitalmente o 05/12/2019.

II.- Fundamentos de dereito

a) Competencia municipal

O artigo 110.i) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas indica que lle corresponde á Administración do Estado a elaboración e aprobación das disposicións sobre seguridade humana en lugares de baño e salvamento marítimo.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A Orde de 31 de xullo de 1972 (BOE 02/08/1972) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño, establece no artigo 11 que *“corresponde aos Concellos vixiar a observancia nos lugares de baño destas normas xerais e instrucións sobre o mantemento do material de salvamento e demais medidas de seguridade para as vidas humanas”*, e nos artigos 6 a 9 sinala os servizos de vixilancia, auxilio e salvamento.

O Estatuto de Autonomía de Galicia (L.O. 1/1981, de 6 de abril) atribúe á comunidade autónoma de Galicia competencias exclusivas en ordenación do litoral (artigo 27.3.) e a execución da lexislación do estado sobre salvamento marítimo (artigo 29.3).

A Resolución de 22 de maio de 2001, da Dirección xeral de Interior e Protección Civil da Xunta de Galicia, dispón a publicación da revisión e actuación do Plan de Salvamento en Praias de Galicia (Plan Sapruga) homologado pola Comisión Galega de Protección Civil (DOG 19/06/2001) e que, segundo se indica neste, está implantado no Concello de Vigo.

No mentado plan Sapruga indícase que a responsabilidade da seguridade das praias é competencia dos concellos (apartado I.1.), que a administración local participa no Plan, entre outros, cos Servizos de salvamento e socorrismo de praias do concello (apartado VI.1).

A vixente redacción do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, regulada da bases de réxime local, trala modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, xa non contempla expresamente a competencia municipal de “seguridade en lugares públicos” cinguíndose a funcións de “Policía local”, aínda que mantén a “protección civil” e o “medio ambiente urbano”.

Neste sentido, o feito de que o listado de materias establecido no actual artigo 25.2 teña eliminado algunha das contidas na anterior redacción e engadido outras non supón que queden sen efecto as atribucións competencias efectuadas por normas con rango de lei polo Estado ou as CC.AA nas materias que xa non se recollen no artigo 25.2 (ou que no seu momento non se recollían e agora tampouco), senón que se eliminou o seu carácter básico no que se refire a garantía da autonomía municipal respecto desa materia, estando a lexislación sectorial que atribuíu as competencias de que se trate (no caso que nos ocupa, a establecida no artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas) plenamente vixente, con independencia de que agora o lexislador estatal ou autonómico podería derogar as competencias outorgadas no seu momento (competencias incluídas nas materias do artigo 25.2 ou das materias non incluídas na nova redacción) sen afectar a autonomía municipal na materia de que se trate por canto, a día de hoxe, e segundo o lexislador básico estatal (artigo 149.1.18 CE) non forman parte do núcleo básico da autonomía local.

Este é o criterio seguido pola Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que mantén as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei 27/2013 segundo o indicado na súa Disposición adicional primeira e, tamén, que os concellos sigan prestando servizos xa establecidos que non se entenderan como o exercicio de novas competencias segundo o artigo 3.3.a) da citada norma, como sería o caso que nos ocupa (exptes. administrativos núms. 8316/306, 10938/306, 12941/306 ó amparo dos cales se viñan prestando estes servizos).

A seguridade das persoas na praia na época estival é un servizo esencial que ven desenvolvendo o Concello de Vigo ó abeiro do artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e normativa anteriormente citada, e que non pode deixar de prestarse sen que sexa asumido por algunha administración pública polo que, en tanto en canto non se derogue a lexislación sectorial que atribúe a dita competencia aos Concellos ou non se adapte á normativa sectorial existente, ben estatal, ben autonómica, segundo quen teña atribuído constitucionalmente a competencia na materia, cómpre imperativamente que o concello siga garantindo a seguridade das persoas nos areais.



Concello de Vigo

Tamén, se considera de interese público municipal continuar coa prestación de servizos establecidos dende hai varios de facilitar o acceso ó baño para persoas con mobilidade reducida no período estival en dúas praias da cidade, areas de o Vao e Samil, e garantir a súa seguridade, competencia que o Concello pode seguir prestando ao abeiro do establecido no artigo 3 da Lei galega 5/2014, de 27 de maio, en relación co citado artigo 115.d. da Lei 22/1988, de 28 de xullo.

Asemade, o Concello de Vigo ven solicitando nos últimos anos o distintivo "Bandeira Azul" para dez areas do termo municipal.

O distintivo "Bandeira Azul" establece como cuestión de obrigado cumprimento que os areas que obteñan este distintivo dispoñan de persoal de salvamento, socorrismo, asistencia sanitaria asignado a cada un deles.

Mención especial merecen por razóns de seguridade, habida conta das súas especiais características e gran afluencia de usuarios na época de baño, a necesidade especial de vixilancia, socorrismo e salvamento nas praia de Samil, Argaza (Alcabre).

En atención ao anteriormente exposto, o Concello de Vigo debe prestar os servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento e primeiros auxilios nas praias do termo municipal de Vigo, especialmente nas de gran e media afluencia, que ademais, viñéronse prestando e considerando necesarios en anos anteriores. A saber:

"Rodas (Illas Cíes), Fortiñón (Saians), Canido (San Miguel de Oia), O Vao, Fontáña (Coruxo), Samil (Navia), Argazada, O Tombo do Gato, Carril (Alcabre), A Punta (Teis).

Tamén, a prestación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida nos areas de Samil e o Vao.

Á area de Medio Ambiente ten atribuído, en virtude das resolucións do alcalde de datas 18 e 26 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019), *"a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, e o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada".*

Tamén, os orzamentos municipais reflicten a partida orzamentaria 1720.227.01.00 para a vixilancia de praias e a partida 1720.227.99.02 para asistencia sanitaria en praias.

O Concello de Vigo, Servizo de Medio Ambiente, non dispón de persoal coa capacidade e profesionalidade precisos nin de medios técnicos para prestar o servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida en praias do termo municipal Vigo durante o período estival polo que é preciso a contratación destes servizos ao ter rematado o 15 de setembro de 2019 o prazo de duración do contrato administrativo ao amparo do cal a entidade Move Servicios de Ocio y Deporte, S.L. viña prestando ditos servizos (expte. 12941/306).

a) Contratación dos servizos

De acordo co artigo 116 da LCSP a realización de contratos por parte das Administracións públicas requirirá da previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares, o de prescricións técnicas, certificado de existencia de crédito. Tamén, haberá de xustificarse axeitadamente as determinacións que sinala o apartado 4 do citado precepto.

A documentación anteriormente citada incorporouse ao presente expediente de contratación tal e como se sinala nos antecedentes de feito deste informe.

O prego de cláusulas administrativas particulares regula un contrato administrativo de servizos cuxo obxecto é prestar o servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida en praias do termo municipal Vigo, que prevé o artigo 17 e 25.1.a) da LCSP, suxeito a regulación harmonizada ao abeiro do artigo 22.1.b) da citada Lei e, por tanto, susceptible de recurso especial en materia de contratación.

O procedemento de adxudicación será o ABERTO e forma de tramitación a ORDINARIA conforme ó establecido no artigo 156 da LCSP.

O prazo de execución do contrato establécese en tres (3) anos 2020, 2021 e 2022, podendo prorrogarse anualmente para os anos 2023 e 2024, o que permite o artigo 29.4. da LCSP.

O orzamento base de licitación ascende ó importe de **1.776.017,16 euros**, sendo a conta correspondente ó IVE de **308.234,38 euros**, que se desglosa nos seguintes importes anuais e con cargo ás partidas que se indican:

Importe anualidade 2020: 581.305,82 € euros, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 100.887,79 €;

- Con cargo á partida "1720.227.01.00 Vixilancia Praias" o importe de 326.305,82€ (IVE engadido).

- Con cargo á partida "1720.227.99.05 Asistencia Sanitaria Praias" o importe de 255.000,00€ (IVE engadido).

Importe anualidade 2021: 592.591,81 € euros, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 102.846,51 €;

- Con cargo á partida "1720.227.01.00 Vixilancia Praias" o importe de 332.640,65€ (IVE engadido).

- Con cargo á partida "1720.227.99.05 Asistencia Sanitaria Praias" o importe de 259.951,16€ (IVE engadido).

Importe anualidade 2022: 602.119,53 € euros, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 104.500,08 €.



Concello de Vigo

- Con cargo á partida “1720.227.01.00 Vixilancia Praias” o importe de 337.988,56€ (IVE engadido).
- Con cargo á partida “1720.227.99.05 Asistencia Sanitaria Praias” o importe de 264.130.97€ (IVE engadido).

O artigo 117 da LCSP establece que completado o expediente de contratación, ditarase resolución motiva polo órgano de contratación aprobando este e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A aprobación do expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponderá á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (Disposición adicional segunda, apartado 4, da LCSP).

A aprobación do expediente de contratación irá precedido dos informes favorables da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal ao abeiro do disposto na Disposición adicional terceira, apartados 3 e 8, da LCSP.

Polo exposto, unha vez emitidos os preceptivos informes da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en praias ou areas do Concello de Vigo, para os anos 2020, 2021 e 2022 conforme ao prego de prescricións técnicas asinado dixitalmente polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data do 07/11/2019, conformado pola concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación en data 05/12/2019.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **1.776.017,16 euros**, sendo a conta correspondente ó IVE de **308.234,38 euros**, que se desglosa nos seguintes importes anuais e con cargo ás partidas que se indican:

Importe anualidade 2020: 581.305,82 € euros, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 100.887,79 €;

- Con cargo á partida “1720.227.01.00 Vixilancia Praias” o importe de 326.305,82€ (IVE engadido).
- Con cargo á partida “1720.227.99.05 Asistencia Sanitaria Praias” o importe de 255.000,00€ (IVE engadido).

Importe anualidade 2021: 592.591,81 € euros, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 102.846,51 €;

- Con cargo á partida “1720.227.01.00 Vixilancia Praias” o importe de 332.640,65€ (IVE engadido).
- Con cargo á partida “1720.227.99.05 Asistencia Sanitaria Praias” o importe de 259.951,16€ (IVE engadido).

Importe anualidade 2022: 602.119,53 € euros, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 104.500,08 €.

- Con cargo á partida “1720.227.01.00 Vixilancia Praias” o importe de 337.988,56€ (IVE engadido).

- Con cargo á partida “1720.227.99.05 Asistencia Sanitaria Praias” o importe de 264.130.97€ (IVE engadido).

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao prevenido na LCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1071).- NOMEAMENTO INTERINO DUN ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS, CON CARGO Á PRAZA VACANTE INCLUÍDA NA OEP 2018, DA MESMA DENOMINACIÓN, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1.A) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, TREBEP. EXPTE. 34885/220.

Visto o informe de fiscalización do 5/12/19, dáse conta do informe-proposta do 25/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 03/09/2019, O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, remite oficio, conformado polo Concelleiro-delegado da Área de Fomento, manifestando a urxente necesidade dun/dunha Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 18/10/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino con cargo a vacante da OEP 2018, á Xunta de Goberno Local dun/dunha Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos, previsto no artigo 10.1.a). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

3.- Con data 15/10/2019, emítese polo Técnico de Organización e Planificación de RRHH e Formación, informe técnico, que inclúe a proposta de gasto, constando o mesmo no expediente, que recolle que “ a praza de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2018, atópase vacante, polo que a



Concello de Vigo

xuízo do que subscribe, coas reservas indicadas no presente informe, estaría en disposición de ser cuberta interinamente”.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo*

dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2018, segundo o caso.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual as citadas prazas xa foron incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2018, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 23/11/2018.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 316-Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos), adscrito ao



Concello de Vigo

Área de Fomento, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, que consta no expediente:

O custo anual dun posto de Enxeñeiro/a de Camiños para o exercicio 2019 e de 59,235,94€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0000 (soldo base, por un importe

anual de 15.615,64€), 121.0000 (complemento de destino, por un importe anual de 10.399,76€), 121.0100 (complemento específico por un importe anual de 18.899,02€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 14.321,52€), significando que o custe máximo anual do presente expediente para o presente ano 2019, será de 9.872,66€ (dos que 7.485,74€ corresponden a retribucións e, 2.386,92€ a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 2 meses, toda vez que o/a funcionario/a proposto/a, non estaría en condición de ser nomeado/a ata polo menos o 1 de novembro actual.

O gasto que suporía a aprobación do presente expediente, así como outros expedientes que impliquen novos nomeamentos interinos dos contemplados no artigo 10.1 do TREBEP, **incluídos os nomeamentos con cargo a prazas vacantes, como é o caso**, e que supoñen incremento de compromiso de gasto para o presente e vindeiros anos, poderán afectar, no que respecta aos créditos orzamentarios, a realización das modificacións de crédito necesarias para suplementar as partidas as que se refire o informe técnico de sostenibilidade do Capítulo I do Orzamento para o ano 2020, que figura no expte. 33833/220, anteproxecto do capítulo I do Orzamento para o vindeiro ano 2020, trámite 85, derradeiro parágrafo, que se transcribe:

“En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións deficitarias en canto ao gasto previsto, sempre en cando se realice unha planificación previa de toda a actividade administrativa que supoña gasto imputable ao capítulo I de gastos, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento”, en concreto as aplicacións 9200.1400000, 9200.1430001, 9200.1500000, 9200.1510000, e, 2210.1610400”. Significar así mesmo que ata a data foron tramitadas dezaseis modificacións orzamentarias por importe total de 7,685,375,13€, con cargo a prazas vacantes, polo que de procederse a cobertura dun número elevado de vacantes non será posible manter o nivel de gasto das partidas antes mencionadas.”

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos, existen listaxes vixentes cunha persoa en condicións de ser notificada.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos de: D. Sánchez González, J.M., con DNI ***5776**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”



Concello de Vigo

O mesmo aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun funcionario interino con cargo a vacante, como **Enxeñeiro de camiños, canais e portos**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto de, autorizar o gasto de **59,235,94 €**, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0000 (soldo base, por un importe anual de 15.615,64€), 121.0000 (complemento de destino, por un importe anual de 10.399,76€), 121.0100 (complemento específico por un importe anual de 18.899,02€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 14.321,52€), significando que o custe máximo anual do presente expediente para o presente ano 2019, será de 9.872,66€ (dos que 7.485,74€ corresponden a retribucións e, 2.386,92€ a seguridade social a cargo da Empresa).

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a, con cargo a praza vacante da OEP 2018, como **Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos** a: D. Sánchez González, J.M., con DNI ***5776**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2018, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 23/11/2018; percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 316-Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, sendo adscrito a Área de Fomento, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables,

restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/a funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo o aspirante nomeado, o Xefe da Área de Fomento, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1072).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE E ARQUIVO DE ACTUACIÓNS DO PROCEDIMENTO DISCIPLINARIO INCOADO Á FUNCIONARIA MUNICIPAL CON Nº PERSOAL 21700. EXPTE. 33498/220.

Dáse conta do informe-proposta do 05/12/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data 14/02/2019, o inspector de persoal informa “Que Arnoso Fariña (21700) aux. administrativa destinada no servizo de Educación, non acude o seu posto de traballo desde o 06/02/2019, día da súa reincorporación por finalizar o expediente disciplinario consistente na suspensión de funcións por 3 meses.”

II.- Por Resolución de 19/02/2019, ordenouse a incoación de expediente disciplinario á empregada municipal con nº de persoal 21700, aos efectos de dilucidar e esclarecer a hipotética comisión de falta disciplinaria, nos termos do disposto no artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.



Concello de Vigo

III.- O 03/04/2019, a Sra. Arnos Fariñas presenta escrito (nº doc. 190048420), no que manifesta que non ten pendente de xustificar ningunha ausencia laboral, polo que se solicita do inspector de persoal, ampliación do informe de data 14/02/2019.

IV.- O 10/04/2019 o inspector de persoal informa que a “Sra. Arnos Fariña, aux. administrativa destinada no servizo de Educación, acude o seu posto de traballo sen falta algunha desde o 07/02/2019 a día de hoxe”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, a diferenza do derogado Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora que aprobara o Real Decreto 1398/1993, non establece un prazo máximo para ditar e notificar a resolución nos procedementos sancionadores, de aplicación supletoria en defecto de previsión na regulación específica das correspondentes infraccións e sancións administrativas.

Por conseguinte, a falta de tales previsións, será de aplicación o prazo de tres meses establecido con carácter xeral no artigo 21.3 da referida Lei 39/2015.

Así o prazo máximo para notificar a resolución contarse en todo caso dende a data do acordo de iniciación, para os procedementos iniciados de oficio, como son os sancionadores.

De acordo co artigo 25.1 b) da Lei 39/2015, nos procedementos nos que a Administración exercite potestades sancionadoras o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase a resolución expresa producirá a caducidade do procedemento.

A resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións, o que impide absolutamente que se pida ditar unha resolución de maneira extemporánea.

A doutrina da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo inclínase pola invalidez desas resolucións extemporáneas, a partir da Sentenza do 28/06/2004 (recurso de casación núm. 791/2001).

Porén, segundo o previsto no artigo 95.3 da Lei 39/2015, **caberá volver iniciar o procedemento en tanto non prescriba a infracción**, e deberá terse en conta que os procedementos caducados non interrompen o prazo de prescrición, é dicir, que o tempo que durou a tramitación do procedemento caducado compútase dentro dese prazo.

Engade o citado artigo que, nos casos nos que sexa posible a iniciación dun novo procedemento por non producirse a prescrición, poderán incorporarse a este os actos e trámites cuxo contido se mantivo igual de non producirse a caducidade.

En todo caso, no novo procedemento deberán realizarse os trámites de alegacións, proposición de proba e audiencia ao interesado.

Polo exposto, incoado expediente disciplinario por Resolución de 19/02/2019, e transcorrido o prazo de máximo previsto para notificar a resolución, procede declarar a caducidade do procedemento e en consecuencia ordenar o arquivo de actuacións.

II.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e coa conformidade da concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019), propónse ao dito órgano a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO.- Declarar, en base ao informe proposta que antecede, a caducidade do procedemento disciplinario incoado por Resolución de 19/02/2019 (expediente administrativo nº 32716/220.)

SEGUNDO.- Ordenar, en consecuencia, o arquivo das actuacións derivadas do expediente disciplinario incoado (32716/220), sen prexuízo da posibilidade de volver iniciar o procedemento en tanto non prescriba a infracción.

TERCEIRO.- Notifíquese a presente á interesada, aos Concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, a xefa do servizo de Educación e presidente do Comité, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1073).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN. MARCO ESTRATÉXICO”. EXPTE. 439/1102.

Dáse conta do informe-proposta do 09/12/19, asinado pola secretaria do Goberno Local e pola concelleira-delegada de Contratación e Xestión Municipal, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade, materias estas que son obxecto de reforzo



Concello de Vigo

tras da aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e, tal e como se pode comprobar, cos excelentes resultados obtidos nas sucesivas avaliacións efectuadas por *Transparencia Internacional España*, no *Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA)*.

Na execución das ditas políticas públicas, o Concello de Vigo foi adoptando diversos acordos e implementando mecanismos de distinta natureza en garantía do dereito cidadá á boa administración:

- a) O Pleno acordou a incorporación do Concello á Rede de Municipios pola Transparencia e a Participación Cidadá da FEMP en sesión de data 30.03.2015
- b) O pleno adheriuse ao Código de Bo Goberno Local da FEMP en sesión de data 30.11.2015
- c) A XGL conta cunha Circular de cumprimento normativo conforme ao que non aproba ningún expediente que non supere os controis xurídicos e fiscalización interna, xa que tal e como se expresou na Circular 1/2015, de 13 de maio, conxunta de Secretaría de Goberno local, da Intervención Municipal e da Asesoría Xurídica de Vigo, non se considerarán conclusos os expedientes que non contén cos devanditos informes favorables e non se incluírán na orde do día.
- d) Leváronse a cabo experiencias colaborativas en materia de transparencia e transformación dixital, cuxas memorias que recollen as actuacións realizadas, que figuran no portal de transparencia.
- e) A Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Avaliación e Seguimento da Transparencia e do Bo Goberno, que conta cun total de XXX indicadores relativo á actividade contractual.
- f) O procedemento de contratación é integramente dixital e conta co soporte da normativa técnica do Esquema Nacional de Seguridade e Interoperabilidade aprobados. Os procedementos administrativos, incluído o expediente de contratación, tramítanse mediante unha aplicación de desenvolvemento propio, a “Xestión de expedientes”.
- g) A transparencia é un dos valores institucionais compartidos. O Concello sométese periodicamente ás avaliacións voluntarias realizadas por Transparencia Internacional (TI) obtendo unha alta valoración nos índices de transparencia de Concellos (ITA). Na ITA 2017 liderou a clasificación das cidades galegas cun 98,8 global sobre 100 (100 sobre 100 en contratación).
- h) A estrutura do goberno municipal conta cunha Concellería que ten delegadas especificamente as competencias en materia de transparencia, bo goberno e Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS).
- i) Con ocasión do EDUSI, a Xunta de Goberno Local comprometeuse cos “principios de integridade, obxectividade e honestidade” ao se adherir á “Declaración institucional en mantifraude” da Dirección General de Fondos Comunitarios. E tamén aprobou un “Manual de procedementos”, creando un Comité Antifraude que avaliou riscos e propuxo medidas que foron xeneralizándose ao conxunto da contratación (v. gr. declaración de ausencia de conflito de interese na mesa de contratación, declaración de neutralidade técnica).

- j) Para rematar, engadiremos que para o deseño dun instrumento que acometese a aplicación do principio de integridade en materia de contratación, a XGL acordou o 22/11/2018 acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polos responsables de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno local, Intervención e Asesoría Xurídica.

A preocupación pola mellora continua en materia de contratación advírtese tanto en decisións macro como micro, como se amosa con decisións de simplificación e redución de cargas administrativas na procura dunha maior axilidade na xestión como o é a delegación dos acordos de clasificación na Concellería delegada de contratación, así como da contratación menor nas respectivas Concellerías delegadas nos seus ámbitos materiais de competencias. Asemade, coa delegación da Xunta de Goberno Local na Concellería delegada de contratación da proposta da programación da contratación a través do Plan Anual no réxime de delegacións.

II(1073).- FUNDAMENTOS DE DEREITO

A integridade, en principio, é unha cualidade predicable das persoas. Con todo, vense empregando para cualificar sistemas. Nesa liña tiveron unha enorme relevancia os traballos da OCDE. Esta organización considera que a integridade é esencial para a construción de institucións fortes que lle garantan á cidadanía que o goberno traballa ao seu servizo.

O 26 de xaneiro de 2017 adoptou formalmente a *Recommendation on Public Integrity*, na que explica que a integridade pública se refire á adopción dunha postura clara de adhesión e aliñamento cos valores, normas e principios éticos compartillados para defender e priorizar o interese público sobre os intereses privados no sector público.

En materia de contratación, a OCDE conta cunha recomendación específica, a *Recommendation of the Council on Public Procurement do 18 de febreiro de 2015*. O apartado I define a integridade na contratación entendendo que “se refire a que o uso dos fondos, os recursos, os activos e as autorización, é conforme aos obxectivos oficiais inicialmente establecidos, e a que do devandito uso se informa adecuadamente, que é conforme ao interese público e que está debidamente harmonizado cos principios xerais do bo goberno”.

Esta Recomendación subliña a “gobernanza” da contratación pública, considera que a contratación pública ben gobernada contribúe a unha maior confianza pública, un maior benestar e unhas sociedades máis prósperas e inclusivas.

A nivel europeo, debemos ter en conta o Informe da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo feito en Bruxelas, o 3 de febreiro de 2014, COM (2014) 38, que expresa a necesidade de conseguir unha cultura da integridade con referencia aos Principios da OCDE de 2009.

Pouco despois publicaríanse as Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014, relativas aos contratos de concesión e sobre contratación pública, respectivamente, que manifestan unha clara preocupación por



Concello de Vigo

esta temática.

Ademais, mencionando expresamente a recomendación sobre contratación pública da OCDE, a Comisión Europea aprobou a Recomendación (UE) 2017/1805 da Comisión, do 3 de outubro de 2017, sobre a profesionalización da contratación pública: “Construír unha arquitectura para a profesionalización da contratación pública”. Nesta Recomendación, aparece a concreta alusión á integridade, sinalando no apartado III.7. que os Estados membros deben apoiar e promover a integridade, a nivel individual e institucional, como parte intrínseca da conduta profesional, proporcionando ferramentas para garantir o cumprimento e a transparencia e a orientación para previr irregularidades.

No plano legislativo estatal, o plano normativo sobre a integridade público confórmase, dende un plano xenérico na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (LTBG) no ámbito político e no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Emprego Público (TREBEP) no ámbito do emprego público. Especificamente, para a xestión da actividade contractual aprobouse a nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), que expresa como principio novo da contratación no seu artigo 1.1 o principio de integridade. En coherencia coa súa proclamación, introduce a necesidade de contar con mecanismos preventivos en materia de contratación pública, incrementa significativamente as obrigacións de transparencia, regula por primeira vez o conflito de intereses, prevé as consultas preliminares ao mercado, regula as condicións especiais de compatibilidade, regula un incidente para posibles prácticas colusorias, oríéntase cara a unha maior profesionalización (composición das mesas de contratación) e crea a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), entre outros elementos vinculados a ese obxectivo de procurar unha maior honestidade, mellor consecución do interese xeral e máis eficiente utilización dos fondos públicos.

A LCSP recolle ao longo do seu articulado un conxunto de medidas e mecanismos que apostan por conformar un sistema de integridade institucional en materia de contratación pública, marco no que o Concello de Vigo ven dando xa pasos dende hai tempo, como o amosan os ítems sinalados nos antecedentes da presente proposta, e accións externas como o recoñecemento como boa práctica do sistema de publicación dos contratos menores pola Red de Transparencia da femp.

Contar cun Plan de Integridade na contratación que se concreta a través deste marco estratéxico e que conta con obxetivos estratéxicos definidos e liñas de actuación permitirá unha mellora non só no plano da ética como estándar de integridade senon tamén da boa administración, acadando unha maior competitividade na concurrencia ás licitacións do Concello, polo que terá un impacto directo na relación calidade-prezo das contratacións.

A súa configuración estruturase seguindo a metodoloxía internacional dos Marcos de Integridade Institucional (Integrity Frameworks) da OCDE e as liñas do Compliance no Sector Público (Public Compliance) como sistema de xestión de riscos de carácter preventivo, na liña das políticas públicas de vangarda, seguindo coa destacada acción de goberno en materia de transparencia e bo goberno.

O responsabilidade política na execución do Plan correspóndelle á Concellería Delegada en materia de contratación, tamén pola súa Delegación en materia de xestión municipal, que

abranque o ámbito da transparencia, do bo goberno e dos ODS, nos termos establecidos pola Alcaldía en Resolucións de data 18 e 26 de xuño de 2019, que será asistida na dita responsabilidade polo Comité Técnico creado pola Xunta de Goberno Local, co apoio do conxunto da organización política e administrativa.

A competencia para a aprobación do presente acordo correspóndelle á Xunta de Goberno Local en aplicación do Disposto nas Disposicións Adicionais. Segunda e Terceira LCSP, establecendo un mecanismo de delegación de competencias a nivel operativo, en aplicación dos principios de racionalización dos procedimentos e eficacia no cumprimento dos obxectivos, conforme ao marco legal recollido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O presente acordo está suxeito ás obrigas de publicidade activa no Portal de Transparencia municipal nos termos recollidos no artigo 6 LTBG, establecéndose asimesmo mecanismos de comunicación interna *bottom up* e *bottom down*, para garantir a máxima difusión do mesmo, abríndose dito réxime de publicidade ao ámbito sectorial específico da contratación a través do perfil do contratante.

III.- PROPOSTA DE ACORDO

Dende a súa constitución o Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública examinou o novo marco legal en materia de contratación pública dende a óptica da integridade así como as mellores prácticas que se poden adoptar na liña da mellora continua, concluíndo a necesidade de aprobar un marco estratéxico do Plan de Integridade que posibilite, por unha banda contar coas liñas e obxectivos estratéxicos aprobados polo órgano de contratación e, por outra, definir un ámbito de actuación eficiente e dinámico para a execución do mesmo a través dos obxectivos operativos, formulando á Concellería Delegada en materia de contratación a adopción do acordo respectivo.

Polo exposto, o Comité Técnico formula, coa conformidade da Concellería Dda. De Contratación, á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o “Plan de Integridade na Contratación.Marco Estratéxico”, de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.

Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do “Comité Técnico de Integridade na Contratación”, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais,.

Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.



Concello de Vigo

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN

Marco estratéxico

ÍNDICE

| | |
|---|------------------|
| <u>1. INTRODUCCIÓN.....</u> | <u>3</u> |
| <u>3. MISIÓN, VISIÓN E VALORES.....</u> | <u>7</u> |
| <u>3.1. Misión.....</u> | <u>7</u> |
| <u>3.2. Visión.....</u> | <u>7</u> |
| <u>3.3. Valores.....</u> | <u>8</u> |
| <u>4. BASES DO DESEÑO.....</u> | <u>9</u> |
| <u>5. LIÑAS ESTRATÉXICAS.....</u> | <u>12</u> |
| <u>5.1. Liña estratéxica 1: traballar coas persoas.....</u> | <u>12</u> |
| <u>5.2. Liña estratéxica 2: tirarlle partido á tecnoloxía.....</u> | <u>13</u> |
| <u>5.3. Liña estratéxica 3: racionalizar e reforzar a integridade nos procesos.....</u> | <u>14</u> |
| <u>5.4. Liña estratéxica 4: introducir o ciclo de mellora continua no sistema preventivo da integridade da contratación.....</u> | <u>15</u> |
| <u>5.5. Marco estratéxico resultante.....</u> | <u>16</u> |
| <u>6. COMPETENCIAS E ÁMBITO.....</u> | <u>16</u> |
| <u>7. DESENVOLVEMENTO OPERATIVO, IMPLEMENTACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....</u> | <u>17</u> |
| <u>8. SEGUIMIENTO DO MARCO ESTRATÉXICO DO PLAN.....</u> | <u>18</u> |

ÍNDICE DE TÁBOAS

| | |
|----------------------------------|----|
| Táboa 1. Liñas estratéxicas..... | 12 |
|----------------------------------|----|

| | |
|--|----|
| Táboa 2. Liñas e obxectivos estratéxicos..... | 16 |
| Táboa 3. ficha resumo do marco estratéxico do plan de integridade na contratación..... | 18 |

1. INTRODUCCIÓN

O presente plan aborda a aplicación do principio de integridade da contratación no Concello de Vigo.

Así, partindo da misión, visión e valores do Concello de Vigo, o deseño do plan ten en conta, máis alá dos textos legais, as Recomendacións da OCDE e das institución da UE, diversas achegas teóricas (sobre os marcos de integridade, a “boa administración” ou o *public compliance*) ou os traballos realizados pola FEMP.

Asemade, incorpora as experiencias xa adquiridas neste Concello como consecuencia da integración na Rede de Municipios pola Transparencia e a Participación Cidadá da FEMP, a adopción do Código de Bo Goberno, da posta en marcha dos plans de transparencia e transformación dixital, do aprobación e desenvolvemento do Plan de Avaliación e Seguimento e do Bo Goberno, e tamén, da aplicación práctica do modelo antifraude que acompaña á xestión dos fondos EDUSI para os que foi seleccionada a estratexia “Vigo Vertical”.

Sobre estas bases, o plan de integridade estrutúrase en catro grandes liñas estratéxicas relativas ás persoas, á tecnoloxía, aos procesos e á introdución de dinámicas de calidade. A partir destas liñas, estrutúranse once obxectivos estratéxicos para conformar un marco estratéxico da integridade institucional en materia de contratación, que deberá ser desenvolvido a nivel operativo pola Concellaría delegada da área de contratación, patrimonio e xestión municipal, que ademais dos servizos municipais, contará co apoio técnico do “Comité Técnico de Integridade na Contratación”¹.

O horizonte temporal previsto é de dúas anualidades prevéndose, no que atinxe ao seu seguimento a nivel estratéxico, a elaboración de memorias das que se dará conta a Xunta de Goberno Local en canto a súa condición de órgano de contratación e que se farán públicas para posibilitar a efectiva rendición de contas.

No fondo e na forma, o compromiso coa honestidade é un exercicio de profundización da democracia exercido responsablemente desde unha administración ao servizo de toda a cidadanía.

2. CONTEXTO

Vigo é a cidade máis poboada de Galicia e a décimo cuarta de España -a primeira non capital de

1 Creado por acordo da Xunta do Goberno local do 22/11/2018.



Concello de Vigo

provincia-, con 293.642 persoas empadroadas¹, pero na que se concentran máis de 500.000 se atendemos ás que traballan ou estudan en Vigo².

Ademais, as condición xeográficas que concorren no termo municipal e a pluralidade de infraestruturas de dominio público (aeroporto, porto de interese xeral etc.), conlevan que incidan no seu territorio practicamente a totalidade de normativas sectoriais.

Xa que logo, hai unha elevada presión de demanda que se debe xestionar nunha situación de enorme heteroxeneidade, dinamismo e complexidade, o que complica a xestión das necesidades de investimentos, bens e servizos para satisfacción da cidadanía.

Desde o punto de vista interno, o Concello de Vigo conta cunha maioría estable de goberno, unha situación económico-financeira saneada, cun período medio de pagamento inferior á media das entidades locais españolas e cun volume orzamentario que supera os 250 M€.

As contratacións que se efectúen en execución do orzamento sinalado débense axustar ao marco normativo. No sistema español este marco normativo caracterízase pola súa complexidade, resultante dun dereito hibridado entre a regulación nacional e as directivas comunitarias, e tamén porque está suxeito ás interpretacións de distintos órganos consultivos, que non sempre son coincidentes. No caso de Vigo, esta complexidade vese aínda incrementada tanto pola incidencia de múltiple normativa sectorial, como por ser seleccionada para obter fondos EDUSI, que contan coa súa propia regulación.

Así e todo, o marco fundamental na materia ven constituído pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) que explicita o principio de integridade nos arts. 1 e 64, e que nos brinda unha oportunidade para avanzarmos en melloras que faciliten a xestión dos asuntos encomendados á Administración municipal conforme aos estándares de integridade internacionalmente recoñecidos.

Nesta materia foron adoptadas diversas actuacións no eido interno, entre as que se poden salientar:

- a) O Pleno acordou a incorporación do Concello á Rede de Municipios pola Transparencia e a Participación Cidadá da FEMP
- b) O pleno adheriuse ao Código de Bo Goberno Local da FEMP.

1 Cifra oficial del padrón a 1/1/2018 de 293.642 personas (154.662 mujeres y 138.980 hombres), Instituto Nacional de Estadística (INE), <http://www.ine.es/dynt3/inebase/index.htm?padre=517> (acceso 23/2/2019).

2 El INE al publicar los Indicadores Urbanos 2018, explica que un municipio pertenece al Área de Unidad Funcional (AUF) de una ciudad si el 15% o más de su población ocupada se desplaza a esa ciudad por motivos de trabajo. Y el AUF de Vigo cuenta con 541.686 personas, según esta misma información accesible en http://www.ine.es/prensa/ua_2018.pdf (acceso 31/03/2019).

- c) A XGL conta cunha Circular de cumprimento normativo conforme ao que non aproba ningún expediente que non supere os controis xurídicos e fiscalización interna, xa que tal e como se expresou na Circular 1/2015, de 13 de maio, conxunta de Secretaría de Goberno local, da Intervención Municipal e da Asesoría Xurídica de Vigo, non se considerarán concluídos os expedientes que non contén cos devanditos informes favorables e non se incluírán na orde do día.
- d) Leváronse a cabo experiencias colaborativas en materia de transparencia e transformación dixital, cuxas memorias que recollen as actuacións realizadas, que figuran no portal de transparencia.
- e) A Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Avaliación e Seguimento da Transparencia e do Bo Goberno, que conta cun apartado específico de indicadores relativo á actividade contractual.
- f) O procedemento de contratación é integramente dixital e conta co soporte da normativa técnica do Esquema Nacional de Seguridade e Interoperabilidade aprobados. Os procedementos administrativos, incluído o expediente de contratación, tramítanse mediante unha aplicación de desenvolvemento propio, a “Xestión de expedientes”.
- g) A transparencia é un dos valores institucionais compartidos. O Concello sométese periodicamente ás avaliacións voluntarias realizadas por Transparencia Internacional (TI) obtendo unha alta valoración nos índices de transparencia de Concellos (ITA). Na ITA 2017 liderou a clasificación das cidades galegas cun 98,8 global sobre 100 (100 sobre 100 en contratación).
- h) Con ocasión do EDUSI, a Xunta de Goberno Local comprometeuse cos “principios de integridade, obxectividade e honestidade” ao se adherir á “Declaración institucional en materia antifraude” da Dirección General de Fondos Comunitarios. E tamén aprobou un “Manual de procedementos”, creando un Comité Antifraude que avaliou riscos e propuxo medidas que foron xeneralizándose ao conxunto da contratación (v. gr. declaración de ausencia de conflito de interese na mesa de contratación, declaración de neutralidade técnica).
- i) Para rematar, engadiremos que para o deseño dun instrumento que acometese a aplicación do principio de integridade en materia de contratación, a XGL acordou o 22/11/2018 constituír un Comité Técnico, formado polos responsables de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno local, Intervención e Asesoría Xurídica.

3. MISIÓN, VISIÓN E VALORES

A misión, visión e valores do Concello de Vigo pódense identificar no seu réxime xurídico e foron expresados con ocasión da aprobación do Código de Bo Goberno¹ e da Estratexia “Vigo Vertical”².

1 Adhesión do Concello de Vigo por acordo plenario do 30/11/2015.

2 Acordo da Xunta do Goberno local do 12/1/2016.



Concello de Vigo

3.1. Misión

Así, a misión do Concello de Vigo é a de promover as actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal viguesa (art. 25.1 LBRL). A natureza de Vigo como “municipio de gran poboación” determina o alcance da súa misión e conleva a atribución do elenco máis alto de funcións que lles pode corresponder aos Concellos, pois os servizos de mínima prestación establécense no artigo 26 da LBRL en función da poboación.

3.2. Visión

A visión, como expresión do futuro desexado, consiste¹:

- en converter Vigo nunha cidade atractiva como motor económico, ambientalmente sustentable e con capacidade de atraer talento; cómoda, accesible e integradora para todas as persoas; de progreso social, igualitaria e aberta á interculturalidade; próxima e orientada a mellorar a calidade de vida de quen a habita e a visita. E,
- en transformar o seu Concello nunha administración innovadora, intelixente, eficaz e eficiente na utilización de recursos, cunha cultura que desalente toda actividade fraudulenta, e orientada e aberta ao diálogo coa cidadanía.

3.3. Valores

Os principais ideais e principios colectivos que guían a actuación municipal son:

- a) Os valores constitucionais, considerando a dignidade da persoa como fundamento da orde política e a paz social², e os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
- b) Os principios establecidos nas leis reguladoras do sector público³ local⁴, especialmente o principio de servizo aos intereses xerais con sometemento á lei e con obxectividade e imparcialidade, economía, eficacia e eficiencia⁵, así como o principio de boa administración⁶.
- c) Os valores reforzados como consecuencia da adhesión do Concello de Vigo ao “Código de Bo Goberno Local” e á “Declaración institucional en materia antifraude”:
 - Principios de integridade, profesionalidade e honradez.
 - Salvagarda da reputación do Concello de Vigo, de maneira que a súa actividade sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con ela como oposta á fraude e á corrupción en calquera das súas formas.

1 Segundo a memoria da EDUSI de Vigo, aprobada por XGL de 12/1/2016, e a Adhesión á declaración institucional antifraude da Dirección General de Fondos Comunitarios aprobada por acordo da Xunta do Goberno local do 14/6/2018

2 Art. 10 CE.

3 Fundamentalmente no art. 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; nos arts. 1.3, 52 a 54 do Estatuto Básico do Empregado público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; e, no art. 26 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

4 Especialmente, arts. 2, 6 e 10 LBRL.

5 Arts. 9 e 103 CE.

6 Art. 41 da Carta dos Dereitos Fundamentais da UE, ínsito nos arts. 9, 31.2 e 103 da CE.

- Participación cidadá en liña coas políticas de goberno aberto.
 - Transparencia, como un principio de xestión aliñado cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, sinaladamente ODS 16..
 - Rendición de Contas
- d) Os principios de igualdade de trato, libre concorrència, publicidade, integridade e transparencia en materia de contratación¹.

4. BASES DO DESEÑO

A integridade, en principio, é unha cualidade predicable das persoas. Con todo, vense empregando para cualificar sistemas. Nesa liña tiveron unha enorme relevancia os traballos da OCDE. Esta organización considera que a integridade é esencial para a construción de institucións fortes que lle garantan á cidadanía que o goberno traballa ao seu servizo.

O 26 de xaneiro de 2017 adoptou formalmente a *Recommendation on Public Integrity*, na que explica que a integridade pública se refire á adopción dunha postura clara de adhesión e aliñamento cos valores, normas e principios éticos compartidos para defender e priorizar o interese público sobre os intereses privados no sector público.

En materia de contratación, a OCDE conta cunha recomendación específica, a *Recommendation of the Council on Public Procurement do 18 de febreiro de 2015*. O apartado I define a integridade na contratación entendendo que “se refire a que o uso dos fondos, os recursos, os activos e as autorización, é conforme aos obxectivos oficiais inicialmente establecidos, e a que do devandito uso se informa adecuadamente, que é conforme ao interese público e que está debidamente harmonizado cos principios xerais do bo goberno”.

Esta Recomendación subliña a “gobernanza” da contratación pública, considera que a contratación pública ben gobernada contribúe a unha maior confianza pública, un maior benestar e unhas sociedades máis prósperas e inclusivas.

A nivel europeo, debemos ter en conta o Informe da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo feito en Bruxelas, o 3 de febreiro de 2014, COM (2014) 38, que expresa a necesidade de conseguir unha cultura da integridade con referencia aos Principios da OCDE de 2009.

Pouco despois publicaríanse as Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014, relativas aos contratos de concesión e sobre contratación pública, respectivamente, que manifestan unha clara preocupación por esta temática.

Ademais, mencionando expresamente a recomendación sobre contratación pública da OCDE, a Comisión Europea aprobou a Recomendación (UE) 2017/1805 da Comisión, do 3 de outubro de 2017, sobre a profesionalización da contratación pública: “Construír unha arquitectura para a profesionalización da contratación pública”. Nesta Recomendación, aparece a concreta alusión á integridade, sinalando no apartado III.7. que os Estados membros deben apoiar e promover a integridade, a nivel individual e institucional, como parte intrínseca da conduta profesional, proporcionando ferramentas para garantir o cumprimento e a transparencia e a orientación para previr irregularidades.

¹ Art. 1 da LCSP



Concello de Vigo

No plano legislativo estatal, aprobouse a nova LCSP, que expresa como principio novo da contratación no seu artigo 1.1 o principio de integridade. En coherencia coa súa proclamación, introduce a necesidade de contar con mecanismos preventivos en materia de contratación pública, incrementa as obrigacións de transparencia, regula por primeira vez o conflito de intereses, prevé as consultas preliminares ao mercado, regula as condicións especiais de compatibilidade, regula un incidente para posibles prácticas colusorias, oríentase cara a unha maior profesionalización (composición das mesas de contratación) e crea a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), entre outros elementos vinculados a ese obxectivo de procurar unha maior honestidade, mellor consecución do interese xeral e máis eficiente utilización dos fondos públicos.

Os documentos e normas expostos propoñennos configurar sistemas ou marcos de integridade (*integrity framework*) no seo das Administracións públicas para alén da aprobación de normas, pois a experiencia demostrou a insuficiencia normativa e por iso recomendan adoptar un marco de integridade institucional, entendido como un conxunto de instrumentos interdependentes -normas, procesos e órganos-, adaptados a cada organización pública para fomentar a integridade e previr condutas que se afasten do devandito principio.

Esta mesma idea atopámola no principio de boa administración, para a que o deseño organizativo e procedemental, pode conducir a unha mellora do marco institucional co obxectivo de garantir a imparcialidade e a loita contra a desigualdade.

É interesante considerar no deseño os sistemas *compliance*, pois o seu establecemento tamén se estrutura nun conxunto de instrumentos preventivos dun modo similar ao dun marco de integridade, sendo cada vez máis frecuente as referencias ao *public compliance*.

E, finalmente, as esixencias derivadas da xestión de fondos europeos tamén introduciron na cultura municipal un conxunto de instrumentos de prevención orientados a mellorar, previr e afortalar os procedementos nesta materia.

5. LIÑAS ESTRATÉXICAS

Tendo en conta as bases expostas (recomendacións da OCDE, da UE, marcos de integridade “boa administración”, *compliance* e sistema antifraude de fondos europeos), planifícase a mellora en catro liñas estratéxicas relativas ás persoas, á tecnoloxía, aos procesos e á mellora continua, que se estruturarán en obxectivos estratéxicos.

| Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo | |
|---|---|
| Liñas Estratéxicas | |
| LE 1 | Traballar coas persoas |
| LE 2 | Tirarlle partido á tecnoloxía |
| LE 3 | Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos |
| LE 4 | Introducir o ciclo de mellora continua no sistema preventivo da integridade da contratación |

TÁBOA 1. LIÑAS ESTRATÉXICAS

5.1. Liña estratéxica 1: traballar coas persoas

A orientación a favor do principio de integridade non é unha cuestión resolta pola mera aprobación normativa, senón que está implicada a ética persoal e pública, por iso resulta imprescindible definir a estratexia arredor das persoas.

Esta liña ten como primeiro obxectivo estratéxico a aliñación e a concienciación das persoas. A este fin, resulta común nas bases consideradas a recomendación da aprobación dun instrumento ético (declaración, guía ou código ético ou de conduta). Neste censo, OCDE, 2015: Recomendación XII.ii.

Porén, a nivel operativo, deberase considerar o debate sobre a necesidade deste tipo de instrumentos, á vista da progresiva proliferación de explicitación de principios nos diversos textos normativos, sinaladamente no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público (TREBEP) e Lei 9/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (LTBG), tendo en conta, ademais, que a institución xa conta coa adhesión ao Código de Bo Goberno da FEMP e á Declaración institucional en materia antifraude.

En consecuencia, o desenvolvemento operativo deste obxectivo estratéxico decantarase polo instrumento ético que proceda para que o sistema de integridade sexa recoñecible e transmita o compromiso da institución cunha xestión honesta que prioriza a defensa do interese público.

O segundo dos obxectivos estratéxicos é a profesionalización, peza crave da mellora da integridade. Esta profesionalización da contratación pasa tanto por capacitar as persoas en materia de integridade, como por dotar ao Concello de verdadeiros perfís profesionais e de medios suficientes dentro dos límites orzamentarios. A Recomendación da Comisión Europea do 3 de outubro de 2017 considera que o apoio e a promoción da integridade, a nivel individual e institucional, forma “parte intrínseca da conduta profesional”.

Finalmente, o terceiro obxectivo estratéxico consiste en asegurar a comunicación interna. A comunicación é fundamental nos procesos de contratación pública porque son complexos e as normas e as súas interpretacións moi cambiantes. É necesario habilitar unha canle de comunicación que permita transmitir información e recibir *feedback*.

5.2. Liña estratéxica 2: tirarlle partido á tecnoloxía

O deseño estratéxico necesariamente ten que considerar a tecnoloxía desde un triplo punto de vista: como un dos alicerces do goberno aberto, ao servizo dunha boa administración e como ferramenta ao servizo da xestión do coñecemento.

Esta liña artéllase en tres obxectivos estratéxicos. O primeiro deles apunta ao avance na interoperabilidade entre as Administracións públicas, á comunicación cos órganos de control externo (OCEX) e á gobernanza, no sentido sinalado pola OCDE, 2015: Recomendación 2. c)

O segundo obxectivo estratéxico diríxese a mellorar o marco de control dos riscos e avanzar en rendición de contas e consiste en “establecer mecanismos de detección e alerta dos riscos”. O seu desenvolvemento operativo incluírá mecanismos de detección interna xunto cun portal open data e canles electrónicas de comunicación coa cidadanía. No deseño terase en conta a recente aprobación da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro



Concello de Vigo

de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión.

O terceiro obxectivo estratéxico é “proporcionar ferramentas TIC de apoio á práctica profesional colaborativa”. É preciso promover e dotar de ferramentas para o traballo colaborativo, como instrumento profesionalizante, que permita ás diferentes persoas que interveñen no proceso de contratación pública traballar e aprender xuntas.

5.3. Liña estratéxica 3: racionalizar e reforzar a integridade nos procesos

Esta liña estrutúrase en catro obxectivos estratéxicos.

O primeiro recolle un dos principais elementos que forma parte dos programas de cumprimento, que consiste en analizar e avaliar os riscos que poidan afectar á integridade da organización mediante a realización de mapas de riscos, avaliando a conveniencia de engadir novas medidas ás xa adoptadas por esta Administración municipal, procedendo noutro caso á sistematización das existentes.

Existen varias publicacións da doutrina institucional e científica que identifican os diferentes riscos ao longo das diversas fases do proceso.

Esta metodoloxía tamén se recolle nas Recomendacións da OCDE e non é descoñecida para aqueles que estean familiarizados cos fondos europeos. A súa xestión esixe a análise de riscos e a adopción efectiva de medidas e, neste sentido, esta Administración municipal aplicou e aplica esta metodoloxía a través do Comité Antifraude, contando cunha experiencia na avaliación de riscos e propostas de medidas que debe ser tida en conta no desenvolvemento operativo.

O segundo obxectivo estratéxico consiste en lles clarificar o procedemento aos operadores da contratación municipal, pois a avaliación do marco normativo externo e interno mostrou que a complexidade e deficiente regulación xera unha inseguridade xurídica.

A mellora organizativa e procedemental facilitan a boa xestión da contratación e constitúe, de acordo coas diversas bases do deseño sinaladas, outro fundamento da integridade e da boa administración na contratación pública.

O terceiro obxectivo estratéxico expón a axilización e tecnificación do proceso, pois o volume de orzamento que ten que se xestionar require, na medida do posible, a mellora na duración dos procedementos.

Esta liña estratéxica péchase cun cuarto obxectivo, clave para o plan: apoiar e favorecer a integridade durante o proceso. O seu desenvolvemento operativo terá que abordar os conflitos de intereses, tendo en conta a experiencia xa acadada e a guía de tramitación existente.

Ademais, deberá valorarse a conveniencia do establecemento dun órgano especializado de consulta e proposta sobre os problemas ou dilemas que se poidan presentar, como apoio á boa xestión da contratación. Tomaranse en consideración as múltiples experiencias municipais de traballo colaborativo, como o Comité Técnico de Integridade na Contratación ou a existencia do Comité Antifraude no Vigo Vertical.

5.4. Liña estratéxica 4: introducir o ciclo de mellora continua no sistema preventivo da integridade da contratación

O presente plan pretende consolidar un importante cambio cultural na organización. Nesta nova cultura preventiva do risco do incumprimento é necesario xeneralizar a técnica da planificación no ADN da organización. E, unha vez completada esta primeira fase do ciclo de mellora continua, suxeitar o planificado á comprobación da súa realización efectiva, seguimento, avaliación e revisión; para volver empezar e repetir o ciclo de novo.

A dinámica do proceso de mellora continua concíbese para servir a calquera outro ámbito. Trátase de fomentar unha actitude xeral na organización orientándoa á idea de eficiencia e calidade.

5.5. Marco estratéxico resultante

| Plan de Integridade na Contratación | |
|-------------------------------------|---|
| Obxectivos estratéxicos | |
| LE.1 | Traballar coas persoas |
| OE.1.1 | Aliñar e concienciar as persoas |
| OE.1.2 | Profesionalizar a contratación |
| OE.1.3 | Asegurar a comunicación interna |
| LE.2 | Tirarlle partido á tecnoloxía |
| OE.2.1 | Non facer dúas veces o mesmo |
| OE.2.2 | Establecer mecanismos de detección e alerta |
| OE.2.3 | Proporcionar ferramentas TIC de apoio á práctica profesional colaborativa |
| LE.3 | Racionalizar e garantir a honestidade no proceso de contratación |
| OE.3.1 | Avaliar os riscos e as medidas |
| OE.3.2 | Facilitar os procedementos |
| OE.3.3 | Optimizar os procesos |
| OE.3.4 | Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso |
| LE.4 | Introducir o ciclo de mellora continua |
| OE.4.1 | Potenciar a planificación |

TÁBOA 2. LIÑAS E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

6. COMPETENCIAS E ÁMBITO

A competencia para aprobar o marco estratéxico deste plan correspóndelle á Xunta do Goberno local, como órgano de contratación do Concello (apartados 2 e 11 da Disposición Adicional 2ª LCSP).



Concello de Vigo

Unha vez establecido este marco estratéxico, a Concellaría delegada da área de contratación, acometerá o seu desenvolvemento operativo e implementación, para o que, ademais das áreas e dos servizos municipais, contará co apoio técnico do “Comité Técnico de Integridade na Contratación”.

O ámbito deste Plan circunscríbese ao Concello, non abrangue á Xerencia Municipal de Urbanismo, en canto organismo autónomo.

7. DESENVOLVEMENTO OPERATIVO, IMPLEMENTACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Unha vez trazadas as liñas e obxectivos estratéxicos, o plan articularase en obxectivos operativos. Estes obxectivos operativos elaboráronse procurando que reúnan as características SMART (específicos, medibles, alcanzables, realistas e temporais). Cando o obxectivo operativo teña que se desenvolver a través de actuacións de certa entidade ou autonomía de tramitación, o nivel de presentación descenderá á súa desagregación en accións. Os devanditos obxectivos e accións -se fose o caso- recollerán as datas de finalización e, no se caso, as de inicio.

A execución do desenvolvemento operativo do plan realizarase consonte ás prácticas colaborativas nas que este Concello conta cunha ampla traxectoria (v.gr., plan transformación e grupos de traballo), deseñando equipos de traballo integrados polos perfís técnicos do persoal municipal que se consideren máis axeitados en relación cos obxectivos perseguidos, baixo o liderado estratéxico da Concellaría delegada e o responsable técnico da área con maiores responsabilidades na materia sobre a que verse o obxectivo operativo que se fixe.

No cálculo dos custes de implementación do plan de mellora incluíranse tanto os custes externos coma os internos. Pártese do suposto de que o presente plan de mellora non conlevará o incremento de gastos de persoal do Orzamento municipal, pero considérase que se deberá reflectir este custe interno, porque é unha determinación deste marco estratéxico a priorización desta actividade fronte a outras.

O presente plan de integridade na contratación desenvolverase nun horizonte temporal de dous anos, aínda que se proxecta nun horizonte temporal maior, xa que consolida un verdadeiro cambio cultural: a adopción dun marco preventivo e a introdución dunha dinámica de calidade.

En canto á súa avaliación, encomendase o seu seguimento ao Comité Técnico da Integridade da Contratación, xunto coa Concelleira delegada da área de contratación, de acordo cos fitos de seguimento e indicadores que se determinen no deseño operativo. Terase en conta que o ciclo de mellora continua conleva unha cíclica revisión do plan.

As actividades contarán cun seguimento periódico, cando menos, trimestral. E unha vez que se consideren implantadas ou finalizadas, serán reavaliadas no período que proceda en función da súa natureza, para incorporar novas melloras.

8. SEGUIMENTO DO MARCO ESTRATÉXICO DO PLAN

A Concellaría delegada da área de contratación, patrimonio e xestión municipal, co apoio do Comité Técnico da Integridade da Contratación, elaborará unha memoria anual na que dará conta do desenvolvemento operativo do Plan de Integridade da Contratación á Xunta de Goberno Local (XGL) que será obxeto de publicación no Portal de Transparencia.

ANEXO: FICHA RESUMO DO MARCO ESTRATÉXICO DO PLAN DE INTEGRIDADE NA

CONTRATACIÓN

| | |
|--------------------|--|
| Ámbito | Concello de Vigo |
| Liñas Estratéxicas | LE1. Traballar coas persoas LE2. Tirarlle partido á tecnoloxía LE3. Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos LE4. Introducir o ciclo de mellora continua no sistema preventivo de integridade na contratación |
| Horizonte temporal | 2 anos |
| Responsables | Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal Comité Técnico de Integridade na Contratación |
| Seguimento | Memoria Anual |

TÁBOA 3. FICHA RESUMO DO MARCO ESTRATÉXICO DO PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN 13(1074).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NOS MESES DE SETEMBRO A NOVEMBRO DE 2019. EXPTE. 2641/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 5/12/19, asinado polo xefe de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultura e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

| CENTRO OU SERVIZO | CONCEPTO | DATA | IMPORTE |
|----------------------|---|----------|-------------|
| SERVIZO MUSEOS (341) | Expte. 2570/341. Autorización de gasto para a contratación dos servizos de mantementos preventivos das instalacións de grupos electróxicos e bombas auxiliares de achique nos museos e centros expositivos adscritos á Área de Cultura para revisións trimestrais e semestrais. ELECTRONAVIA INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO, S.L. RCM 66284. | 19/09/19 | 1.032,12 € |
| SERVIZO MUSEOS (341) | Expte. 2573/341. Contratación dos servizos de Atención ao Público en dependencias da Rede de Museos. Contrato de gasto menor. SERVICIOS SECURITAS, S.A. RCM 64233. | 12/09/19 | 17.186,61 € |
| SERVIZO MUSEOS (341) | Expte. 2568/341. Autorización de gasto para a contratación dos servizos de mantemento preventivo das instalacións de climatización nos museos e centros expositivos adscritos á Área de Cultura para un máximo de 5 revisións mensuais. VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. RCM 63041. | 09/09/19 | 3.079,46 € |



Concello de Vigo

| CENTRO OU SERVIZO | CONCEPTO | DATA | IMPORTE |
|----------------------|--|----------|------------|
| SERVIZO MUSEOS (341) | Expte. 2581/341. Contratación dos servizos de reparación de desperfectos en obras para a exposición "Darío Álvarez Gándara. Amenceu outra vez". DAEXGA SERVICIOS INTEGRALES DE GALICIA, S.L. RCM 68501. | 27/09/19 | 98,74 € |
| SERVIZO MUSEOS (341) | Expte. 2600/341. Contratación dos servizos de embalaxes, transportes e adecuación de espazos de almacenaxe para colección de artesanía e fondos bibliográficos e documentais do Centro de Artesanía Tradicional (CAT). SONIA M ^a OTERO GONZÁLEZ. RCM 71468. | 15/10/19 | 3.006,85 € |
| SERVIZO MUSEOS (341) | Expte. 2601/341. OCA instalacións técnicas de Casa das Artes e Museo Liste-Etnográfico de Vigo. OCA INSPECCIÓN, CONTROL Y PREVENCIÓN, S.A.U. RCM 71876. | 17/10/19 | 840,95 € |
| SERVIZO MUSEOS (341) | Expte. 2628/341. Subministración de sinalización de seguridade en varios centros da Rede de Museos. SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L. RCM 86054 | 28/11/19 | 461,62 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6694/337. Contrato de servizos para a instalación de pezas arqueolóxicas na sala de arqueoloxía do Museo. DOLORES ÁLVAREZ REY. RCM 62568. | 04/09/19 | 280,72 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6701/337. Elaboración dun rexistro de bens da colección de instrumental científico da Concellería de Medio Ambiente para a súa cesión a o Museo Municipal "Quiñones de León". BEATRIZ LIZ DE CEA. RCM 66182. | 19/09/19 | 1.089,00 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6721/337. Subministro e instalación de canal PVC para cableado eléctrico e de comunicacións do Museo Municipal "Quiñones de León". IRIS COMPUTERS, S.L. RCM 72072. | 21/10/19 | 598,95 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6725/337. Contrato de obras de reparación da impermeabilización da cuberta da capela do Pazo de Castrelos. MARS, mantemento, recuperación y servizos, SCG. RCM 75452 | 31/10/19 | 3.448,50 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6673/337. Restauración do material arqueolóxico n.º inv. 7346 e 9279. BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L. RCM 50981. | 17/10/19 | 719,95 € |

| CENTRO OU SERVICIO | CONCEPTO | DATA | IMPORTE |
|----------------------|--|----------|-------------|
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6726/337. Contrato de limpeza de sabre e vaina do Mariscal Sout (n.º inv. 7612). BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L. RCM 74161. | 25/10/19 | 199,65 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6719/337. Subministración puntual de carpetas de conservación de obras de arte sobre papel do Museo Municipal "Quiñones de León". BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L. RCM 70993. | 11/10/19 | 223,28 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6700/337. Traslado de material arqueolóxico en doazón procedente da villa de Toralla desde a República Argentina. CONSULTARTE&RESTAURARTE, S.L. RCM 73124. | 21/10/19 | 6.000,00 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6732/337. Servizo de correo para supervisión do préstamo de obras do Museo Quiñones de León para a exposición "Galicia, un relato no mundo". BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L. RCM 75353. | 31/10/19 | 242,00 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6717/337. Servizo de inspección técnica do ascensor do Museo Municipal "Quiñones de León". OCA INSPECCIÓN, CONTROL Y PREVENCIÓN, S.A.U. RCM 71340. | 14/10/19 | 78,65 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6718/337. Servizo de inspección técnica da instalación eléctrica de baixa tensión do Museo Municipal "Quiñones de León". OCA INSPECCIÓN, CONTROL Y PREVENCIÓN, S.A.U. RCM 71339. | 14/10/19 | 417,45 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6736/33. Contrato de produción de estrutura efímera para a exposición "Custodiando o pasado. As coleccións arqueolóxicas do Museo Municipal "Quiñones de León". CARPINTERÍA ABAL, S.L. RCM 75739. | 15/11/19 | 18.000,00 € |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(1075).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA OS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS



Concello de Vigo

PARTICULARES E PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXEN NA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”. EXPTE. 326/441.

Dáse conta do informe-proposta do 09/12/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

1º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 30 de agosto de 2019, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 18.07.2019

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 09.08.2019.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO DEZANOVE MIL CENTO VINTE E SEIS EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (119.126,92 eur), sendo o importe correspondente ao IVE de 20.674,92 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1539.619.0003 (DUSI PORTA DO SOL, OT4, LA: 7,8,10,12,13,14,1a ANUA).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

| | |
|-------|--------------|
| 2019 | 12.000,00 € |
| 2020 | 71.500,00 € |
| 2021 | 35.626,92 € |
| TOTAL | 119.126,92 € |

Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e as dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 595,83% e para a terceira anualidade nun 296,89%.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

2º.- O anuncio de licitación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do Proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” publicouse na Plataforma de Contratación do Estado con data 30 de agosto de 2019.

3º.- O día 24 de setembro de 2019, xa finalizado o prazo para a presentación de ofertas, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas, interpón recurso de reposición contra os pregos reitores, fundamentado na súa disconformidade coa titulación profesional esixida para o posto de coordinador de seguridade e saúde na execución da obra de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria”

A vista destes antecedentes redáctase o presente informe no que se analizan as alegacións presentadas polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas.

CONSIDERACIÓNS

Única.- Sobre a suposta vulneración da normativa vixente ao esixir a titulación de Enxeñeiro de Camiños ou Canais ou de Arquitecto para a coordinación da seguridade e saúde na execución das obras do Proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria”

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas fundamenta o seu recurso de reposición nun único motivo que é a presunta vulneración da normativa recollida na Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre Libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio en virtude da cal as reservas de actividade deben xustificarse en razóns imperiosas de interese xeral, ser proporcionais e non discriminatorias.

En concreto, no seu recurso expón que non existe xustificación para excluír do cargo de coordinador de Seguridade e Saude aos enxeñeiros técnicos de obra pública e reservar este posto para as titulacións de enxeñeiro de camiños ou canais ou de arquitecto. Engade que a capacitación dos enxeñeiros técnicos se atopa recoñecida na Orde CIN/307/2009, de 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio da profesión de enxeñeiros técnicos de obras públicas. En consecuencia, solicita a anulación da cláusula que recolle este requisito e que se admitan as titulacións de graduado en enxeñería e enxeñeiro técnico de obras públicas para o cargo de Coordinador de Seguridade e Saude.

Fronte a este erróneo argumento, que é o único motivo no que se fundamenta o recurso de referencia, é necesario aclarar que a reserva do cargo de coordinador a unhas titulacións concretas é un requisito establecido na normativa aplicable. En concreto, a Disposición Adicional Cuarta da Lei 38/1999, de Ordenación da edificación, dispón o seguinte:

“Las titulaciones académicas y profesionales habilitantes para desempeñar la función de coordinador de seguridad y salud en obras de edificación, durante la elaboración del proyec-



Concello de Vigo

to y la ejecución de la obra, **serán las de arquitecto, arquitecto técnico, ingeniero o ingeniero técnico, de acuerdo con sus competencias y especialidades**".

Polo tanto, a competencia específica para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación verá determinada polas disposicións legais vixentes para cada profesión, e de acordo coas súas especialidades e competencias específicas.

Interpretando dita Disposición Adicional Cuarta nos termos establecidos no art. 3.1 do Código Civil, conclúese que non todos os titulados que se citan na devandita Disposición poderán ser coordinadores de seguridade e saúde en calquera proxecto e en calquera dirección de obra, pois se fose así non sería necesario ninguna precisión e o lexislador non engadiría *"de acordo coas súas competencias e especialidades"*.

Esta é tamén a interpretación recollida na Guía Técnica elaborada polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, en cumprimento do disposto na Disposición Final Primeira do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. En concreto, no apartado f) do artigo 2 dispón que:

" Para las obras de construcción excluidas del ámbito de aplicación de la LOE así como para las obras de ingeniería civil, a los efectos de delimitar la figura de técnico competente, cabe interpretar que las titulaciones académicas y profesionales que habilitan para desempeñar las funciones de coordinador en materia de seguridad y salud durante la elaboración del proyecto y la ejecución de este tipo de obras seran las que esten facultadas con arreglo a las competencias propias de sus específicas titulaciones para proyectar y dirigir dichas obras a la vista de las disposiciones legales vigentes para cada profesión".

Resulta ilustrativa do exposto, a recente Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 13 de setembro de 2019, que recollendo a doutrina do Tribunal Supremo expón: **"Quiere ello decir que cuando la ley establece que en los proyectos y en la dirección de un tipo de obra determinado solo puede intervenir en determinado técnico (como es el caso de una vivienda urbana y los demás casos del artículo 2.1 a) de la LOE), la competencia para el desempeño de la función de coordinador de seguridad y salud se encuentra igualmente acotada y restringida a esas titulaciones, y solo respecto de las obras en que la ley no establece una específica atribución competencial sino que la atribuye con carácter indistinto, es admisible ese margen de discrecionalidad invocado por la Administración en la resolución recurrida(...)**

La discrecionalidad a la hora de determinar los criterios de solvencia técnica debe moverse dentro de los límites legalmente establecidos referidos a las titulaciones académicas habilitantes para el desempeño de ciertos servicios, sin poder incurrir en contravenciones legales, ni en la habilitación de titulaciones no definidas como idóneas por la ley para el desempeño de ciertos cometidos."

En consecuencia, tendo en conta que -de conformidade ao disposto nos Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas que rexiron a licitación da redacción do Proxecto de *"Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria"*(expediente 4468-440)-, a titulación que habilitaba a redacción deste

Proxecto era a de enxeñeiro de camiños, canles e portos ou arquitecto, debe de entenderse que esta é a titulación que habilita a coordinación da seguridade e saúde na execución do devandito proxecto. Circunstancia que determina a incompetencia dos enxeñeiros técnicos de obras públicas para a coordinación da seguridade e saúde na execución deste Proxecto e, en consecuencia, a desestimación do recurso de reposición interposto.

Por último, cómpre recordar que a propia Lei de Contratos permite á Administración concertar as condicións que teña por conveniente, sempre que non sexan contrarias ao interese público, ó ordenamento xurídico nin aos principios de buena administración. Así se pon de manifesto na Sentencia do Tribunal Supremo de data 19 de outubro de 2015, na que se refuta que o establecemento duns requisitos específicos en relación con un proxecto determinado supoñan unha vulneración do ordenamento xurídico. En concreto, nesta Sentencia se establece:

*(...) debe ser desestimado el motivo de casación segundo, en el que, como vimos, se alega la infracción del artículo 2.1.b / y c/ en relación con el artículo 10 , de la Ley 38/1999, de 5 de noviembre, de Ordenación de la Edificación , pues la respuesta dada en la sentencia recurrida, **al negar que un Ingeniero Técnico de Obras Públicas tenga competencia para la redacción del proyecto al que se refiere el litigio, no puede considerarse vulneradora de tales preceptos.** Y tampoco pueden considerarse vulnerados los artículos 12 y 13 de la misma Ley de Ordenación de la Edificación , pues **el litigio no versaba sobre la titulación requerida para la "dirección de la obra" y para la "dirección de la ejecución de la obra" -actividades a las que se refieren los citados artículos 12 y 13, respectivamente- sino que tanto el acto administrativo impugnado en el proceso y como la sentencia ahora recurrida en casación se centran en la titulación habilitante para la "redacción del proyecto", siendo el artículo 10 de la Ley de Ordenación de la Edificación el que se refiere a esta figura del proyectista con los requerimientos de titulación -distintos según el caso de que se trate- a los que ya nos hemos referido ".***

"Y, desde luego, el hecho de que exista la sentencia que se cita, en la que se reconoce la capacidad técnica de los Ingenieros de Caminos para la redacción del proyecto de un polideportivo, no permite trasladar de manera automática el mismo reconocimiento a los Ingenieros Técnicos de Obras Públicas; sobre todo teniendo en cuenta que existen otros pronunciamientos, a los que antes nos hemos referido, que han negado a los Ingenieros (Industriales) capacidad técnica para proyectar centros educativos.

Polo tanto, é o propio contido do Proxecto "Soterramento do tráfico rodado da porta do sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" o que determina o establecemento do referido requisito, debidamente recollido no Prego de prescricións técnicas particulares. Sen que este feito implique unha vulneración da Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre Libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Todo o anterior permite concluir que a devandita cláusula do Prego de Prescricións Técnicas Particulares que esixe a titulación de enxeñeiro de camiños, canles e portos ou arquitecto para o posto de coordinador de seguridade se considera conforme a dereito.

En conclusión, tal e como se recolle neste informe, os pregos de cláusulas administrativas particulares e o Prego de Prescricións Técnicas Particulares para a contratación do servizo



Concello de Vigo

de coordinación de seguridade e saúde das obras do Proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da porta do sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” axústanse a legalidade, polo que procede a desestimación do recurso de referencia.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Desestimar o recurso de reposición interposto polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas contra os Pregos de cláusulas administrativas particulares e o Prego de Prescricións Técnicas Particulares para a contratación do servizo de Coordinación de Seguridade e Saúde das obras do Proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1076).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “ELIMINACIÓN DO VERTIDO EXISTENTE NA ZONA DE ALZA” E CUSTOS ASOCIADOS AO MESMO. EXPTE. 1980/440.

Visto o informe de fiscalización de data 3/12/19, dáse conta do informe-proposta do 2/12/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 26 de xullo de 2013 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Obras D. Jerónimo Centrón Castaños emite informe sobre a necesidade de iniciar actuacións co fin de renovar as redes de saneamento e abastecemento nas parroquias de Cabral, Lavadores e Sárdoma. En concreto, na parroquia de Cabral, se prevé a necesidade de actuar no saneamento da rúa Alza na que existe unha rede de saneamento que non esta conectada a rede xeral. Á vista deste informe, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 29 de xullo de 2013, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 2 de agosto de 2013, na que se acordou encomendar á entidade concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “Renovación das redes de saneamento e abastecemento nas parroquias de Cabral, Lavadores e Sárdoma”.

IV.- En setembro de 2014, presentouse ante Augas de Galicia solicitude de autorización para as obras de saneamento na zona de Alza da parroquia de Cabral, o afectar as mesmas aos marxes do arroio Pepín. Durante a tramitación desta autorización, formularonse varias recomendacións por parte do Servizo de conservación da natureza e de Augas de Galicia, que determinaban a dificultade de executar as obras nos termos previstos.

En consecuencia, procedeuse a realizar novos traballos que determinaron que se presentase ante Augas de Galicia unha nova proposta que tiña como finalidade executar determinadas obras de bombeo no lugar de Alza. Estas obras foron autorizadas por Augas de Galicia, mediante resolución de 8 de abril de 2019 (DHW 36.65534)

V.- Con data 22 de outubro de 2019, Aqualia-FCC Vigo UTE presentou o proxecto “Eliminación do vertido existente na zona de Alza”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo da empresa ESINPRO, S.L., para a execución dos traballos de obra civil necesarios para a instalación dun pozo de bombeo que recolla o vertido da rede de saneamento da zona de Alza e o evacúe hacia a rede de saneamento existente na Avda. da Ponte. Estas actuacións pola súa ubicación e natureza quedan comprendidas dentro do alcance da encomenda para a “Renovación de redes de saneamento e abastecemento nas parroquias de Cabral, Lavadores e Sárdoma”.

O proxecto ten un orzamento de 108.833,57 (cento oito mil oitocentos trinta e tres euros con cincuenta e sete céntimos) IVE excluído e un prazo de execución de DOUS (2) meses. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández, con data de 26 de novembro de 2019, emite informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Con data 22 de outubro de 2019, a empresa concesionaria presenta os costes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:



Concello de Vigo

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|------------------------------------|-----------------------|------------|
| Redacción de proxecto | ESINPRO | 1.829,14 € |
| Asistencia técnica á D.O. | ESINPRO | 1.829,14 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | CSM | 457,28 € |
| | SUMA | 4.115,56 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 452,71 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 4.568,27 € |

Con data 29 de novembro de 2019 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Municipais Xacobe Paz Salgado e Jerónimo Centrón Castaños, emiten informe no que indican, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de redacción, asistencia e coordinación de seguridade e saúde, corresponden cos ratios aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao coste do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

Primeira.- O procedemento para a aprobación dos proxectos de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE.

Segunda.- Habida conta do orzamento da obra relativa ao Proxecto “Eliminación do vertido existente na zona de Alza”, non resulta preceptivo o informe de supervisión de proxectos (artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público) e cabe a simplificación da documentación, de acordo co disposto no artigo 233 da Lei 9/2017 e no artigo 126 do Regulamento da Lei de Contratos, aprobado polo Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.

Terceira.- O proxecto de obra “Eliminación de vertido na zona de Alza”, tal e como resulta do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 26 de novembro de 2019, responde aos obxectivos propostos. Polo demais, segundo se especifica no informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados ao Proxecto e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013 e os custos asociados á actuación observan as porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013.

Cuarta.- A aprobación dos proxectos, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Polo anteriormente exposto, e previo informe da Intervención Xeral, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico “Eliminación do vertido existente na zona de Alza”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo da empresa ESINPRO, S.L., cun orzamento de 108.833,57 euros (cento oito mil oitocentos trinta e tres euros con cincuenta e sete céntimos) IVE excluído e un prazo de execución de DOUS (2) meses con data e sinatura dixital 10 de setembro de 2019.

Segundo.- Aprobar os costes asociados ao proxecto de “Eliminación do vertido existente na zona de Alza”, desglosado do seguinte xeito:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|------------------------------------|-----------------------|------------|
| Redacción de proxecto | ESINPRO | 1.829,14 € |
| Asistencia técnica á D.O. | ESINPRO | 1.829,14 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | CSM | 457,28 € |
| | SUMA | 4.115,56 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 452,71 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 4.568,27 € |

Terceiro.- Nomear aos técnicos municipais e enxeñeiros de Caminos, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado como Dirección das obras do Proxecto “**ELIMINACIÓN DO VERTIDO NA ZONA DE ALZA**”.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo a “Aqualia FCC-Vigo UTE”, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1077).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI Nº 2826. EXPTE. 2548/449.



Concello de Vigo

Dáse conta do informe-proposta de data 10/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e polo concelleiro-delegado de Servizos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN :

-Texto consolidado da ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 e modificada por acordo plenario de data 5 de setembro de 2018.

-Lei 4/2013 de 30 de maio de 2013 de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia

-Decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 4/2013, de 30 de maio.

ANTECEDENTES

Na data 16 de maio de 2019, a Oficina de Atestados da Policía Local achega ó servizo de Transportes un oficio, no que fai constar o seguinte:

“ Por la presente, ponemos en conocimiento de ese departamento, que sobre las 22:00 horas del día 11 de mayo, como consecuencia de una denuncia ciudadana, se ha procedido a someter a la prueba de detección de alcohol en aire espirado, al conductor del vehículo autotaxi, de este municipio, con licencia nº 49, vehículo de la marca SKODA, modelo RAPID, matrícula 6131JJF. El citado vehículo se hallaba detenido en la calle Aragón, en su confluencia con el camino do Rosal de Redomeira, encontrándose únicamente su conductor en el interior, y con el motor del vehículo encendido. Siendo las 22:04 horas se procedió a la práctica de la primera de las pruebas, arrojando un resultado positivo de 1.32 miligramos de alcohol por litro de aire espirado; y siendo las 22:21 horas, se procedió a la práctica de la segunda de las pruebas, de contraste, arrojando un resultado positivo de 1.28 miligramos de alcohol por litro de aire espirado.

Dado que la tasa arrojada, es constitutiva de un delito contra la seguridad vial, se elaboraron diligencias judiciales con referencia 1074/A-2019, procediéndose a la citación del denunciado a Juicio Rápido Sin Detenido (JRSD), para el día 13 de mayo; siendo el mismo condenado en sentencia firme.

*El conductor denunciado resultó ser D. F.J. PAREDES RODRÍGUEZ, titular del DNINº 36****43Z, nacido en Vigo (Pontevedra) el día 11 de julio de 1956, con domicilio en Vigo, en la calle Xílgaro 8, 4º A.*

Agentes actuantes: 294237, 294495, 294122 y 294475, adscritos a la sección de G.O.A.

Agente operador del etilómetro: 294541, adscrito a la sección de Atestados. ”

Na data 23 de maio de 2019 incóase expediente sancionador ó titular do permiso municipal de taxi nº 2826 e condutor da licenza municipal de taxi nº 49, naquel momento, D. F.J. PAREDES RODRÍGUEZ pola comisión dunha falta moi grave consistente en conducir baixo a influencia de bebidas alcohólicas, por dar un resultado positivo de 1.32 miligramos de al-

cohol por litro de aire espirado; e na proba de contraste, un resultado positivo de 1.28 miligramos de alcohol por litro de aire espirado, establecido no control realizado o día 11 de maio de 2019 polos axentes da Policía Local da oficina de Atestados, de conformidade co disposto no artigo 46.ñ) da Ordenanza municipal reguladora de servizo de taxi .

No apartado segundo da resolución ditada acordase o seguinte :

“Iniciar expediente de caducidade do permiso municipal de taxi nº **2826** e acordar como medida cautelar provisional, ó amparo do artigo 56.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a suspensión provisional dos efectos do permiso municipal de condutor de taxi nº **2.826**, do que é titular D. F.J. PAREDES RODRIGUEZ, con DNI Nº 36****43Z, considerando que se trata da prestación dun servizo público e a fin de evitar os posibles perxuízos para os usuarios do mesmo, dada a gravidade da conduta denunciada e a peligrosidade que se pode derivar da mesma, debendo entregar o permiso municipal no prazo de 24 horas, a partir do seguinte día ao de recibo da notificación”

A incoación do mencionado expediente foi notificada ó interesado o 6 de xuño de 2019 e non presentou alegacións no prazo establecido.

De conformidade co disposto no artigo 49 da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo , ademais dan sancións , poderá declararse a caducidade do permiso municipal do condutor por incumprir as condicións que xustificaron o seu outorgamento o as que resulten necesarias para o exercicio da actividade .

Considerase que no presente caso, procede declarar a caducidade do permiso municipal de condutor de taxi nº 2826, dada a gravidade da infracción cometida en relación coa prestación dun servizo publico, correspondendo ao Concello vixiar e comprobar que o servizo de taxi, se preste cumprindo tódalas medidas de seguridade en relación cos usuarios.

O artigo 4 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo, n4 parágrafo 4 do apartado b, establece que é competencia da Xunta de Goberno Local o coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores que conleven a sanción de declaración de caducidade da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.

Visto o anteriormente exposto, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

DECLARAR a caducidade do permiso municipal de condutor de taxi 2826, do que é titular D. F.J. PAREDES RODRÍGUEZ pola comisión dunha falta moi grave consistente en conducir baixo a influencia de bebidas alcohólicas, por dar un resultado positivo de 1.32 miligramos de alcohol por litro de aire espirado; e na proba de contraste, un resultado positivo de 1.28 miligramos de alcohol por litro de aire espirado, establecido no control realizado o día 11 de maio de 2019 polos axentes da Policía Local da oficina de Atestados, de conformidade co disposto nos artigos 46.ñ) e 49 da Ordenanza municipal reguladora de servizo de taxi, aprobada na data 9 de febreiro de 2015 e modificada por acordo plenario de 5 de setembro de 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

17(1078).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI Nº 2879. EXPTE. 2535/449.

Dáse conta do informe-proposta de data 10/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e polo concelleiro-delegado de Servizos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN :

-Texto consolidado da ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 e modificada por acordo plenario de data 5 de setembro de 2018.

-Lei 4/2013 de 30 de maio de 2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia

-Decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 4/2013, de 30 de maio.

ANTECEDENTES

Na data 8 de maio de 2019, a Oficina de Atestados da Policía Local achega ó servizo de Transportes un oficio, no que fai constar o seguinte:

“ Por la presente, ponemos en conocimiento de ese departamento, que el día 07 de mayo, como consecuencia de la denuncia presentada por Dña. Andrea Abalde Núñez, se ha procedido a someter a las pruebas de detección de alcohol y sustancias estupefacientes al conductor del vehículo autotaxi, de este municipio, con licencia no 375, resultando positivas ambas pruebas. En concreto, el resultado de la prueba de alcoholemia practicada, ha arrojado un resultado positivo de 0.47 miligramos de alcohol por litro de aire espirado; y la prueba de consumo de sustancias estupefacientes, ha resultado POSITIVO en TETRAHIDROCANNABINOL (THC), así como en COCAÍNA. La citada prueba de estupefacientes, ha sido remitida al Instituto de Ciencias Forenses de la USC, para su análisis legal.

Así mismo, la denunciante ha proporcionado a esta Policía Local una grabación que efectuó con su teléfono móvil, durante un tramo del trayecto recorrido por el citado TAXI, y en el que circulaba como pasajera. En las imágenes se puede apreciar que el velocímetro del vehículo indica una velocidad de circulación de 85 Km/h en el interior del túnel de Las Avenidas, y de 125 Km/h en la Avenida de Beiramar. Así mismo, se aprecia al conductor manipular un teléfono móvil.

*El conductor denunciado resultó ser D. A.J. PERDOMO BIBILONI, titular del DNI 54****25D, nacido en Argentina el día 28/07/1978, hijo de Hugo Mario y de Miriam Edel, con domicilio en Vigo, en la calle Areal 90, 5 D.*

De los hechos reseñados, se confeccionan DILIGENCIAS JUDICIALES, con referencia 1029/A- 2019, que serán remitidas al Juzgado de Instrucción no 2 de Vigo. ”

O 14 de maio de 2019 incóbase expediente sancionador ó titular do permiso municipal de taxi nº 2879 e condutor da licenza municipal de taxi nº 375, naquel momento, D. A.J. PERDOMO BIBILONI, pola comisión dunha falta moi grave consistente en conducir baixo a influencia de bebidas alcohólicas e opiáceos, por dar positivo no control de alcoholemia e de control de

sustancias estupefacientes, establecido no control realizado o día 7 de maio de 2019 polos axentes da Policía Local da oficina de Atestados, de conformidade co disposto no artigo 46.ñ) da Ordenanza municipal reguladora de servizo de taxi.

No apartado segundo da resolución ditada acordase o seguinte :

SEGUNDO .- Iniciar expediente de caducidade do permiso municipal de taxi nº **2879** e acordar como medida cautelar provisional, ó amparo do artigo 56.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a suspensión provisional dos efectos do permiso municipal de condutor de taxi nº **2.879**, do que é titular D. A.J. PERDOMO BIBILONI, con DNI 54****25D, considerando que se trata da prestación dun servizo público e a fin de evitar os posibles perxuízos para os usuarios do mesmo, dada a gravidade da conduta denunciada e a peligrosidade que se pode derivar da mesma, debendo entregar o permiso municipal no prazo de 24 horas, a partir do seguinte día ao de recibo da notificación.

A incoación do mencionado expediente foi notificada ó interesado o 29 de maio de 2019 e non presentou alegacións no prazo establecido.

De conformidade co disposto no artigo 49 da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo , ademais dan sancións , poderá declararse a caducidade do permiso municipal do condutor por incumprir as condicións que xustificaron o seu outorgamento o as que resulten necesarias para o exercicio da actividade .

Considerase que no presente caso, procede declarar a caducidade do permiso municipal de condutor de taxi nº 2875, dada a gravidade da infracción cometida en relación coa prestación dun servizo publico, correspondendo ao Concello vixiar e comprobar que o servizo de taxi, se preste cumprindo tódalas medidas de seguridade en relación cos usuarios.

O artigo 4 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo, n4 parágrafo 4 do apartado b, establece que é competencia da Xunta de Goberno Local o coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores que conleven a sanción de declaración de caducidade da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.

Visto o anteriormente exposto, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Declarar a caducidade do permiso municipal de condutor de taxi nº 2879, do que é titular D. A.J. PERDOMO BIBILONI, pola comisión dunha falta moi grave consistente en conducir baixo a influencia de bebidas alcohólicas e opiáceos, por dar positivo no control de alcoholemia e de control de sustancias estupefacientes, establecido no control realizado o día 7 de maio de 2019 polos axentes da Policía Local da oficina de Atestados, de conformidade co disposto no artigo 46.ñ) e 49 da Ordenanza municipal reguladora de servizo de taxi, aprobada na data 9 de febreiro de 2015 e modificada por acordo plenario de 5 de setembro de 2018.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1079).- MODIFICACIÓN DO PROXECTO E MEMORIA VALORADA DA REALIZACIÓN DE OBRAS DE GUNITADO TALUDE NO CAMIÑO BAIXADA Á IGREXA NÚM. 10, SAN SALVADOR DE TEIS. EXPTE 358/403.

Dáse conta do informe-proposta do 28/11/2019, asinado pola técnica de Admón. Xeral e o enxeñeiro-xefe de Urbanización e Infraestruturas, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES E FEITOS

I.1.- Con data do 16.05.2019 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria e urxente, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos ocupa, prestar a probación ao “Proxecto/ Memoria valorada da realización de obras de gunitado talude no camiño Baixada a Igrexa núm. 10 en Teis”, documento redactado polo servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, de data novembro de 2018, e asinado dixitalmente con data do 30.11.2018”, do que se reproduce a continuación integramente os seus antecedentes e fundamentación xurídica, por non incorrer en repeticións innecesarias,

“(…) I.- ANTECEDENTES E FEITOS

I.1.- Compre traer a colación como antecedente do presente, o expediente tramitado nesta administración baixo o número 97143/421, de Comunicación previa de obras menores (CP-004), iniciado a instancia de Carmen Iglesias Pereira con data do 27.07.2018, coa finalidade de levar a cabo a consolidación de muro na finca sito na Baixada a Igrexa nº 10, de Vigo; Non consta na data actual, a realización de ningún tipo de actuacións relacionadas coas obras obxecto da dita comunicación, e así o indica o inspector municipal en informe subscripto con data do 18.01.2019, no que reflicte que, realiza visita de inspección na mesma data a (BX) IGREXA Nº 10, coa referencia catastral 6286132NG2768N, se comproba que no momento da inspección ás obras solicitadas non foron realizadas, xuntando reportaxe fotográfico que así o xustifican.

I.2.- En atención ao mal estado de conservación do citado muro, e ante o risco inminente de perigo as persoas, consta a tramitación nesta administración do expediente núm. 3023/435 de Orde de execución de obras na baixada IGREXA, Nº 10, con referencia catastral 6286132 NG2768N, como consecuencia das deficientes condicións de seguridade e ornato público nas que se atopa o peche da dita finca, reflectidas en informe técnico municipal do 02.04.2018, que se incorpora e forma parte do presente expediente, sen que a data actual se teñan realizado as obras que no dito informe se indican, o que motiva a intervención sen dilación desta administración tal e como indica na “Memoria valorada Gunitado talude en Camiño Baixada á Igrexa nº 10, en San Salvador de Teis” redactada polos técnicos municipais do servizo de urbanización e infraestruturas, - para o que se estima necesario á cesión anticipada de 50 m² de superficie de terreo coa avinza da propiedade-- coa finalidade de proceder a reconstrución do dito muro ante o seu derrubamento parcial e co fin asemade de ampliar o tramo do Camiño Baixa a Igrexa nº 10, ata un ancho de 2,60 metros durante un tramo de 25 metros lineais.

Xa que logo, a finalidade última que se pretende coa aprobación do presente, e a necesidade de reconstrución do muro perante a realidade do seu derrube parcial, co perigo inminente ás persoas, tal e como se indica nos nomeados informes técnicos, e paralelamente ante dita situación procurar unha mellora da sección transversal do camiño co obxecto de facilitar a circulación rodada ata a franxa costeira; Finalidades e obxectivos que se pormenorizan polo miúdo no "Proxecto/Memoria valorada Gunitado talude en Camiño Baixada á Igrexa nº 10, en San Salvador de Teis " datado en novembro de 2018, así como no informe suscrito polo enxeñeiro técnico de obras públicas, xefe do servizo de urbanización e infraestruturas con data do 08.05.2019 .

I.3.- Consta asemade relacionado co presente, a tramitación nesta administración do expediente núm. 16669/411 de solicitude de acta de liña e rasante, instada pola propiedade para a parcela que nos ocupa, no que se conclúe que, "a parcela atópase ubicada na figura do planeamento SU UA 1 IGREXA, que non conta con desenvolvemento urbanístico neste intre, polo que non se pode fixar aliñación definitiva.

I.4.- Así as cousas, e á vista da realidade existente, o servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU redactou o proxecto nomeado "Memoria valorada de obras Gunitado talude no Camiño Baixada a igrexa nº 10 (Teis) , documento datado en novembro de 2018, e asinado dixitalmente con data do 30.11.2018.

I.5.- Mediante oficio da Vicepresidenta desta XMU do 30.11.2018 (núm. saída 55929-2018) remitíasele unha copia do nomeado proxecto/ memoria valorada á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo, aos efectos do outorgamento da correspondente autorización autonómica no ámbito das súas competencias, por mor de acometerse a actuación no límite do ámbito de protección do Castro de Sino (GA36057003) ben catalogado, incluído no planeamento municipal e no plan básico autonómico. Solicitude que foi reiterada mediante oficio desta XMU do 21.03.2019 (núm. de saída 3645-2019).

Así as cousas, con data do 11.04.2019 tiña entrada nesta XMU unha copia da Resolución ditada con data do 02.04.2019 pola Xefa territorial de Cultura e Turismo, pola que se outorga autorización, no ámbito das súas competencias, para acometer as obras de gunitado de talude en camiño baixada a Igrexa nº 10, en San Salvador de Teis, no Concello de Vigo.

I.6.- Con data do 08.05.2019 o enxeñeiro técnico de obras públicas, xefe do servizo de urbanización e infraestruturas informe favorable ás actuacións que se proxectan no presente expediente, co seguinte teor literal,

""(...)Durante la tramitación del Exp – 97143/421 a nombre de la solicitante, con la intención de la reconstrucción del muro de contención que delimita su propiedad del camino Baixada a Igrexa en la parroquia de Teis a propósito del derrumbe parcial del mismo, se puso de manifiesto que el mismo se sitúa dentro del área de respeto del Yacimiento Arqueológico denominado Castro do Sino (ficha X_003; código GA36057003).

Al tiempo que se desarrollaba este expediente, surgen demandas vecinales respecto a la ampliación del mencionado camino, motivo por el cual se plantean las diferentes posibilidades de intervención.

La solución adoptada con objeto de minimizar el movimiento de tierras, es el gunitado del talud una vez este se estabilice con una pendiente 2:3.



Concello de Vigo

A tenor de la posición del terreno, se solicitó la correspondiente autorización de la Consellería de Cultura y Turismo según el artículo 39 de la Ley 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia, de la cual se dispone (Nº Doc. 190047743).

Puestos en contacto con la Propiedad de los terrenos, la misma ha mostrado su disposición para la cesión anticipada de la superficie necesaria para esta actuación, superficie que salvo medición " in situ " asciende a CINCUENTA M2 (50,- m2), que serán objeto de la cesión citada."(..).

II.- NORMATIVA EXAMINADA

- Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación do solo de Galicia, aprobado definitivamente pola COTOP o 29 de abril de 1993 DOG do 10.05.1993 e BOP núm. 133, do 14.07.1993,
- O Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana ,
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público,
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- Real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,
- A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

III.- DEREITO/ FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

III.1.- Natureza xurídica

A natureza do presente proxecto técnico/Memoria Valorada é a dos denominados proxectos de obra ordinaria de carácter parcial, os cales, consonte ao pautado no artigo 226.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante RLSG), se tramitarán e aprobaran segundo o procedemento establecido para os proxectos de obras suxeitos a título habilitante.

Estes proxectos de obra ordinaria, aos que tamén se refiren os artigos 30, 36, 227 e 231 do RLSG, abranguen aqueles proxectos que non prevexan desenvolver integramente o conxunto de determinacións dun plan de ordenación, tal e como acontece no presente suposto, xa que, segundo o reflectido no Proxecto/ Memoria valorada á que neste intre se presta aprobación e tal e como se indica no informe emitido polo enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas desta XMU con data do 08.05.2019, proxecta obras de reconstrución do muro perante a realidade do seu derrube parcial, e ensanche no Camiño Baixada a Igrexa en San Salvador de Teis ata un

ancho de 2,60 m durante un tramo de 25 metros lineais, coa consecución das finalidades que no proxecto se reflicten, e a cuxo íntegro contido nos remitimos.

Esta categoría de proxectos urbanizatorios de carácter parcial ou menor, denominados de obra ordinaria, regúlanse asemade na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, séndolle de aplicación as disposicións nel contidas.

III.2.- Ámbito, Obxecto e Alcance

As obras que neste intre se autorizan, son as que se definen na documentación técnica, elaborada polo servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, con data novembro de 2018, emprazándose no ámbito da baixada IGREXA, Nº 10, en San Salvador de Teis, proxectando obras de reconstrución do muro existente de contención de cachotería de pedra que xa presenta un derrubo parcial, e subsecuentemente a mellora e ampliación da sección transversal dun camiño estreito, ata acadar un ancho de 2,60 m durante un tramo de 25 metros lineais. O talude resultante será estabilizado mediante gunitado de superficie coa colocación dun peche cun enreixado de triplo torsiión galvanizado e a construción dunha cuneta revestida de formigón.

A zona na que se implantarán as actuacións proxectadas, de conformidade co PXOU vixente, aprobado definitivamente o 29.03.1993 (DOG 10.05.1993), se sitúan dentro do núcleo 17 03 IGREXA C, Núcleo rural existente tradicional pendente de desenvolvemento do PERI 2 IGREXA.

III.3- Exame da documentación técnica

A documentación técnica a que neste intre se presta aprobación polo órgano municipal competente consiste na documentación elaborada polo servizo de urbanización e infraestruturas, datada en novembro de 2018, e nomeada "Proxecto/Memoria Valorada Gunitado Talude, no camiño Igrexa núm. 10 (Teis)" asinada dixitalmente con data do 30.11.2018, conformado pola documentación que a continuación se relaciona,

- CARPETA MEMORIA: Antecedentes; Situación actual; Objecto de la actuación; Planeamiento; Alcance económico;*
- CARPETA REPORTAJE FOTOGRÁFICA*
- CARPETA PLANOS: Planos situación urbanística; planos situación, plante e perfíles;*
- CARPETA MEDICIONES Y PRESUPUESTOS*

Pola súa banda, e no que respecta aos aspectos económicos da presente actuación, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas públicas, remitirase o expediente ao servizo centrais desta XMU para a súa remisión ao interventor xeral, aos efectos da emisión do preceptivo informe de fiscalización.

III.4- Órgano Competente ción do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por proposta do Consello da Xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos seus Estatutos.

Xa que logo, atendendo ao informe emitido polo enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas da XMU en data do 08.05.2019 que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamento nos termos do artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO



Concello de Vigo

Primeiro.- Prestar aprobación ao “Proxecto/ Memoria valorada da realización de obras de gunitado talude no camiño Baixada a Igrexa núm. 10 en Teis”, documento redactado polo servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, de data novembro de 2018, e asinado dixitalmente con data do 30.11.2018, do que se xuntan dúas copias en formato papel e dixital.

Segundo.- O presente acto administrativo queda suxeito ás seguintes condicións:

1.- De conformidade coas características das obras a realizar, fíxase un prazo de execución de 2 meses.

2.- Antes do inicio das obras, o contratista colocará un valado de protección, para o que deberá obter, no seu caso, a oportuna autorización municipal.

3.- O inicio das obras queda supeditado á entrega da copia do Padrón do IAE do contratista que as execute, para a súa unión ao expediente.

4.- Establécese un prazo de garantía de un ano para todas as obras a realizar, a contar dende a data de recepción pola administración, segundo o disposto nos artigos 235 e seguintes do Regulamento xeral do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

5.- Deberán cumprirse na súa realización as determinacións establecidas no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, así como as determinacións establecidas no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción xestións dos residuos de construción e demolición.

Terceiro.- As obras autorizadas executaranse baixo a correspondente dirección técnica e nas debidas condicións de seguridade, debendo realizar as funcións de comprobación, vixilancia e inspección continuada das referidas obras e demais obrigas que se reflicten na vixente lexislación de contratos das administracións públicas.

Cuarto.- Que se sigan os trámites oportunos para a obtención da cesión anticipada por parte da propiedade da superficie dos terreos necesarios para poder acometer a actuación, tal e como se indicou no relato de feitos supra transcritos.

Quinto.- Facultar á concelleira delegada de urbanismo e vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo para a sinatura do documento no que se materialice a cesión dos terreos; da cuxa subscripción se dará conta individualizada ao Consello da Xerencia municipal de urbanismo e á Xunta de goberno local.

Sexto.- Remitir copia do presente acordo a departamento de Servizos Centrais, ao Servizo de conservación, e ao servizo de licenzas desta XMU, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

I.2.- Neste estado da tramitación, dado o tempo transcorrido e con carácter previo ao inicio das amentadas obras, a veciñanza e a propiedade, poñen de manifesto a necesidade de procurar unha mellora da sección transversal do camiño co obxecto de facilitar a circulación rodada a franxa costeira; En atención a dita demanda, esta administración e en aras da procura do interese xeral, propón que se proceda a modificación do proxecto aprobado pola Xunta de goberno local con data do 16.05.2019.

I.3.- Así as cousas, con data do 21.11.2019 o enxeñeiro xefe do servizo de urbanización e infraestruturas redacta un novo documento nomeado “Memoria Valorada reformada, Gunitado talud (Reconstrución muro) no camiño Baixada a Igrexa nº 10 (Teis)” de data novembro de 2019”, no que se reflicten as modificacións demandadas, facendo constar a solución que se plantexa, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e no que, entre outros extremos, se reflicte o obxecto da actuación que se pretende, isto é, a ampliación ata un ancho mínimo de 3,00 metro do Camiño Baixada a Igrexa (Teis)

durante un tramo de 35 metros lineais; Ditas reformas que se introducen sobre o proxecto inicial, procuran unha mellora na estabilidade do terreo no que se sustentan e unha ampliación da sección transversal ao longo de todo a súa fronte, comportando a desmontase do muro de mampostería actual na lonxitude citada, retranqueo do terreo ata conseguir o ancho mínimo citado, seguindo o trazado en planta sinalado no plano correspondente, reconstrución do muro de mampostería en nova posición, e colocación do correspondente peche.

I.4.-Ditas finalidades e obxectivos citados, pormenorízanse polo miúdo no nomeado "Proxecto/Memoria valorada *reformada Gunitado talud (Reconstrución muro) no camiño Baixada a Igrexa nº 10 (Teis)* " datado en novembro de 2019, do que neste intre se propón a súa aprobación, e que modifica o anteriormente aprobado con data do 16.05.2019, así como no informe suscrito polo enxeñeiro técnico de obras públicas, xefe do servizo de urbanización e infraestruturas con data do 21.11.2019, que se incorpora e forma parte da presente, e lle serve de motivación de conformidade co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

II.- NORMATIVA EXAMINADA

- Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación do solo de Galicia, aprobado definitivamente pola COTOP o 29 de abril de 1993 DOG do 10.05.1993 e BOP núm. 133, do 14.07.1993,
- Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (IOP), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019;BOP núm. 181 do 20.09.2019),
- O Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana ,
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público,
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,
- A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,



III.- DEREITO/ FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

III.1.- Natureza xurídica

A natureza do presente proxecto técnico/Memoria Valorada reformada é a dos denominados proxectos de obra ordinaria de carácter parcial, os cales, consonte ao pautado no artigo 226.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante RLSG), se tramitarán e aprobarán segundo o procedemento establecido para os proxectos de obras suxeitos a título habilitante.

Estes proxectos de obra ordinaria, aos que tamén se refiren os artigos 30, 36, 227 e 231 do RLSG, abranguen aqueles proxectos que non prevexan desenvolver integramente o conxunto de determinacións dun plan de ordenación, tal e como acontece no presente suposto, xa que, segundo o reflectido no Proxecto/ Memoria valorada reformada á que neste intre se presta aprobación e tal e como se indica no informe emitido polo enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas desta XMU con data do 21.11.2019, proxecta obras de ampliación ata un ancho mínimo de 3,00 metros do Camiño Baixada a Igrexa (Teis) durante un tramo de 35 metros lineais; Ditas reformas que se introducen sobre o proxecto inicial, procuran unha mellora na estabilidade do terreo no que se sustentan e unha ampliación da sección transversal ao longo de todo a súa fronte, comportando a desmontase do muro de mampostería actual na lonxitude citada, retranqueo do terreo ata conseguir o ancho mínimo citado, seguindo o trazado en planta sinalado no plano correspondente, reconstrución do muro de mampostería en nova posición, e colocación do correspondente peche, coa consecución das finalidades que na dita Memoria valorada reformada se reflicten, e a cuxo íntegro contido nos remitimos.

Esta categoría de proxectos urbanizatorios de carácter parcial ou menor, denominados de obra ordinaria, regúlanse asemade na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, séndolle de aplicación as disposicións nel contidas.

III.2.- Ámbito, Obxecto e Alcance

As obras que neste intre se autorizan, son as que se definen na documentación técnica, elaborada polo servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, con data novembro de 2019, emprazándose no ámbito da baixada IGREXA, Nº 10, en San Salvador de Teis, proxectando obras de ampliación ata un ancho mínimo de 3,00 metro do Camiño Baixada a Igrexa (Teis) durante un tramo de 35 metros lineais; Ditas reformas, procuran unha mellora na estabilidade do terreo no que se sustentan e unha ampliación da sección transversal ao longo de todo a súa fronte, comportando a desmontase do muro de mampostería actual na lonxitude citada, retranqueo do terreo ata conseguir o ancho mínimo citado, seguindo o trazado en planta sinalado no plano correspondente, reconstrución do muro de mampostería en nova posición, e colocación do correspondente peche.

A zona na que se implantarán as actuacións proxectadas, de conformidade co PXOU vixente, aprobado definitivamente o 29.03.1993 (DOG 10.05.1993), se sitúan dentro do núcleo 17 03 IGREXA C, Núcleo rural existente tradicional pendente de desenvolvemento do PERI 2 IGREXA.

O instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (IOP) neste intre en vigor, non modifica a súa clasificación urbanística, pero o inclúe dentro da unidade de actuación 1 IGREXA, pendente de desenvolvemento.

III.3- Exame da documentación técnica

A documentación técnica a que neste intre se presta aprobación polo órgano municipal competente, e que modificada a aprobada polo mesmo órgano municipal con data do 16.05.2019, consiste na documentación elaborada polo servizo de urbanización e infraestruturas, datada en novembro de 2019, e nomeada “Memoria Valorada modificada Gunitado Talude, no camiño Igrexa núm. 10 (Teis)” asinada dixitalmente con data do 21.11.2019, conformado pola documentación que a continuación se relaciona,

- CARPETA MEMORIA (reformada): Antecedentes; Situación actual; Obxecto de la actuación; Planeamento; Alcance económico;
- CARPETA REPORTAJE FOTOGRÁFICA
- CARPETA PLANOS: Planos situación urbanística; planos situación, plante e perfiles (reformado);
- CARPETA MEDICIONES Y PRESUPUESTOS (reformado)

Pola súa banda, e no que respecta aos aspectos económicos da presente actuación, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas públicas, remitirase o expediente ao servizo centrais desta XMU para a súa remisión ao interventor xeral, aos efectos da emisión do preceptivo informe de fiscalización.

III.4- Órgano Competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por proposta do Consello da Xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos seus Estatutos.

Xa que logo, atendendo ao informe emitido polo enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas da XMU en data do 21.11.2019 que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamentación ao abeiro do previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

Primeiro.- Prestar aprobación ao “Proxecto/ Memoria valorada reformada da realización de obras de gunitado talude (reconstrución muro) no camiño Baixada a Igrexa núm. 10 en Teis”, documento redactado polo xefe do servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, de data novembro de 2019, e asinado dixitalmente con data do 21.11.2019, do que se xuntan dúas copias en formato papel e dixital.

Segundo.- O presente acto administrativo queda suxeito ás seguintes condicións:

- 1.- De conformidade coas características das obras a realizar, fíxase un prazo de execución de 2 meses.
- 2.- Antes do inicio das obras, o contratista colocará un valado de protección, para o que deberá obter, no seu caso, a oportuna autorización municipal.
- 3.- O inicio das obras queda supeditado á entrega da copia do Padrón do IAE do contratista que as execute, para a súa unión ao expediente.
- 4.- Establécese un prazo de garantía de un ano para todas as obras a realizar, a contar dende a data de recepción pola administración, segundo o disposto nos artigos 235 e seguintes do Regulamento xeral do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- 5.- Deberán cumprirse na súa realización as determinacións establecidas no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, así como as determinacións establecidas no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción xestións dos residuos de construción e demolición.

Terceiro.- As obras autorizadas executaranse baixo a correspondente dirección técnica e nas debidas condicións de seguridade, debendo realizar as funcións de comprobación, vixilancia e inspección



Concello de Vigo

continuada das referidas obras e demais obrigas que se reflicten na vixente lexislación de contratos das administracións públicas.

Cuarto.- Que se sigan os trámites oportunos para a obtención da cesión anticipada por parte da propiedade da superficie dos terreos necesarios para poder acometer a actuación, tal e como se indicou no relato de feitos supra transcritos.

Quinto.- Remitir copia do presente acordo a departamento de Servizos Centrais, ao Servizo de conservación, e ao servizo de licenzas desta XMU, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo, coa documentación técnica reformada á que se lle presta aprobación, e do informe técnico suscrito polo xefe de urbanización e infraestruturas con data 21.11.2019, á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo, aos efectos da ratificación da Resolución ditada con data do 02.04.2019 pola Xefa territorial, pola que se outorga autorización, no ámbito das súas competencias, para acometer as obras de gunitado de talude en camiño baixada a Igrexa nº 10, en San Salvador de Teis, no Concello de Vigo, por mor de acometerse a actuación no límite do ámbito de protección do Castro de Sino (GA36057003) ben catalogado, incluído no planeamento municipal e no plan básico autonómico.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante, e o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 03/12/19, acorda elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

19(1080).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL INTERPOSTO POR SEVERIANO SERVICIO MÓVIL S.A.U. CONTRA A ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CATALOGACIÓN E PROXECTO PILOTO PARA A DIXITALIZACIÓN DO ARQUIVO MUNICIPAL. EXPTE. 8629/113. EXPTE. 8629/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 11/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRJSP)
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Regulamento (CE) nº 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o vocabulario común para contratos públicos (CPV)), e as Directivas 2004/17 / CE e 2004/18 / CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos para os contratos públicos, con respecto á revisión do CPV.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal, (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal, (PPT).



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 10 de xuño de 2019, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación de servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (expediente 8.629-113), a autorización do gasto correspondente e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 24 de xuño de 2019 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación do sector público, comezando o prazo de presentación de ofertas ó día seguinte.

Durante este prazo presentaron oferta os seguintes operadores económicos:

1. SEVERIANO SERVICIO MÓVIL, S.A.U.
2. REPROULET, S.L. (UNAYTA)
3. XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.

Terceiro.- En data 29 de xullo de 2019, a Mesa de Contratación procedeu a apertura e cualificación do sobre A “Documentación persoal”, acordando admitir a todos os licitadores. A continuación abriuse o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” e a Mesa solicitou informe sobre o mesmo ó xefe do servizo de Administración electrónica.

Cuarto.- En data 3 de outubro de 2019, a Mesa de contratación, por unanimidade, aceptou o informe de valoración do sobre B asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 3 de outubro de 2019. A continuación procedeu a apertura do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula”, e solicitou informe sobre o mesmo ó citado funcionario.

Quinto.- En data 10 de outubro de 2019, a Mesa de contratación acepta por unanimidade o informe de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 9 de outubro de 2019.

Sexto.- En data 10 de outubro de 2019, a Concelleira delegada de Contratación, por delegación da XGL en acordo de 20 de xuño de 2019, acordou:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|------------------|------------------|
| 1 | REPROUTLET, S.L. | 75,69 |

| | | |
|---|------------------------------|-------|
| 2 | XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. | 68,00 |
| 3 | SEVERIANO MÓVIL, S.A.U. | 54,09 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, REPROUTLET, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Sétimo.- Unha vez presentada a documentación polo primeiro clasificado e cualificada esta pola Mesa, esta formulou proposta de adxudicación ó órgano de contratación. Unha vez fiscalizado o expediente, a Xunta de Goberno Local o 7 de novembro de 2019 acordou:

“Adxudicar a REPROUTLET, S.L. o procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 249.513,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 43.303,96 euros.*
- *Inclúe no Proxecto Piloto de Dixitalización a dixitalización dos seguintes fondos prioritarios especificados no PPT:*
 - *Libros de actas Plenos*
 - *Libros de actas Comisión Municipal Permanente*
 - *Índices Plenos*
 - *Índices Comisión Municipal Permanente*
 - *Padrón habitantes -Carpetas de aneis (follas embolsadas individualmente)*
 - *Padrón habitantes -Libros de diversos formatos*
 - *Listas de embarque -Un archivador A-Z (moi mal estado de conservación)*
 - *Índices do arquivo -2 carpetas de aneis (de uso diario)*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

Este acordo foi notificado os licitadores e publicado no perfil de contratante desta Administración o 12 de novembro de 2019.

Oitavo.- En data 28 de novembro de 2019, D. Juan Francisco Romay Sieira, en nome da mercantil XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante TACGAL), interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2019 polo que se adxudica a contratación dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal a REPROUTLET, S.L. Este recurso na actualidade está en tramitación.

Noveno.- En data 29 de novembro o TACGAL solicitou do órgano de contratación o expediente e o informe sobre o recurso previsto no artigo 56 da LCSP. Recibida esta solicitude o servizo de Contratación solicitou informes á secretaría da Mesa de Contratación e o servizo xestor que foron evacuados o 4 de decembro de 2019.

Décimo.- En data 3 de decembro de 2019, D. José Luis Castro Romero, en nome e representación de 1. SEVERIANO SERVICIO MÓVIL, S.A.U., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico doACGAL), interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2019 polo que se adxudica a contratación dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal a REPROUTLET, S.L.

Undécimo.- En data 5 de decembro o órgano de contratación aprobou o informe do recurso citado no antecedente oitavo e enviouno ó TACGAL.

Duodécimo.- En data 11 de decembro, o xefe do servizo de Administración Electrónica, a solicitude do servizo de contratación, emite informe técnico sobre o presente recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2019 polo que se adxudica a contratación dos servizos de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculo de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal a REPROUTLET, S.L.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados

(disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.



Concello de Vigo

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso prevense nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos neste recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, para os efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo neste informe no caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a non admisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.

f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, o acordo de adxudicación é un acto susceptible deste recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recorrer.

O recorrente é indubidable que ostenta lexitimación activa pola súa condición de licitador.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.



Concello de Vigo

- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ao que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberán comunicarse ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

“Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iníciase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento”.

Dado que o acordo de adxudicación publicouse o día 12 de novembro de 2019 e notificouse o recorrente ó día seguinte, a interposición do recurso o día 3 de decembro prodúcese dentro do prazo conferido ó efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O recorrente formula dous motivos de impugnación:

1. A aplicación dunha penalización na puntuación outorgada o recorrente no sobre B en base a motivos formais que considera contraria a dereito.
2. A vulneración do artigo 145.1 da LCSP por canto a oferta do adxudicatario é a que ten unha peor relación calidade prezo.

Analizaremos a continuación cada un destes motivos.

1.- A aplicación dunha penalización na puntuación outorgada o recorrente no sobre B en base a motivos formais que considera contraria a dereito

O informe de valoración do sobre B, emitido polo xefe de Administración electrónica e asumido pola Mesa de contratación impón unha penalización o recorrente por falta de

cumprimento dos requisitos formais, que xustifica que non puido impugnala de xeito independente por ser un acto de trámite. Este informe determina con relación a cuestión debatida que *“A oferta técnica, do sobre B, presentada por este licitador consta de tres arquivos de 1,1 e 84 páxinas e de tamaño máximo de 8,6 MB non cumprindo así ós requisitos para a presentación da documentación detalladas no punto 6.A das FEC (excede o número máximo de follas, 50 e arquivo único). Conforme ó estipulado na clausura 7.A das FEC (“Cando a documentación achegada non cumpra cos requisitos de tamaño folla e letra, interlineado, número de follas máximas descritas, arquivo único ou tamaño do mesmo, procederase a súa valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ao citado criterio.) a puntuación obtida será a corresponderá á metade dos puntos asignados (45,05)”*.

O recorrente non está conforme con esta penalización por motivos formais:

- En primeiro lugar porque considera que o informe de valoración a aplica incorrendo nun erro de interpretación da cláusula 14.2 e os apartados 6.A e 7.A da FEC do PCAP, amén do carácter restritivo desta interpretación.
- E en segundo lugar porque esta actuación da administración é en exceso rigorosa, desfavorable e contraria ós principios de liberdade de acceso as licitacións, libre concorrencia e selección da oferta economicamente máis vantaxosa consignados no artigo 1 da LCSP.

Con respecto ó erro de interpretación, o recorrente aclara que o prego esixe un único arquivo para o sobre B que contén o “Proxecto de dixitalización do arquivo”, que é o único criterio de adxudicación, se ben está dividido en catro subcriterios. Para cumprir con esta obriga de presentación da documentación manifesta que incluíu nun único arquivo de 49 follas todo o requirido agás a documentación relativa ó equipo de traballo. Acompañan a súa oferta dous arquivos máis, un cunha declaración indicando os aspectos que declara confidenciais da súa oferta, e outro co índice. E argumenta que como non se especificou a documentación necesaria para acreditar a formación e experiencia do equipo de traballo axuntou todos os documentos relativos a estes aspectos, e resultoulle imposible unificar os requisitos relativos á letra e o interlineado por canto axuntou documentos oficiais escaneados de diferentes organismos.

Considera que esta ambigüidade do prego con respecto a forma de acreditar estes extremos non pode prexudicar ós licitadores. Antes ben, cita numerosas resolucións de tribunais especiais en materia de contratación que consagran como criterio doutrinal que a a escuridade ou a ambigüidade en ningún caso pode interpretarse a favor da parte que a ocasionou, é dicir, do órgano de contratación.

No entanto, a xuízo da informante, as cláusulas do PCAP con respecto a forma de presentación da documentación eran claras. A priori, non parece difícil interpretar que significa arquivo único ou os demais requisitos formais esixidos relativos á fonte, marxes e interliñados do documento.

E se tiña dúbidas con respecto a como presentar a documentación debeu valerse dos recursos dos que o dota a lei, e recollidos no prego para estes mesteres. Así, o artigo 138.3 da LCSP permite ós operadores económicos solicitar aclaracións e información adicional ó órgano de contratación. E a resposta deste terá carácter vinculante. Determina este artigo



Concello de Vigo

que “Os órganos de contratación proporcionarán a todos os interesados no procedemento de licitación, como moi tarde 6 días antes de que finalice o prazo fixado para presentar as ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten, coa condición de que a pedisen polo menos 12 días antes do transcurso do prazo de presentación das proposicións ou das solicitudes de participación, salvo que nos pregos que rexen a licitación se estableza outro prazo distinto. Nos expedientes que fosen cualificados de urxentes, o prazo de seis días como moi tarde antes de que finalice o prazo fixado para presentar ofertas será de 4 días como moito antes de que finalice o citado prazo nos contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada, sempre que se adxudiquen por procedementos aberto e restrinxido. Nos casos en que o solicitado sexan aclaracións ao establecido nos pregos ou resto de documentación e así o estableza o prego de cláusulas administrativas particulares, as respostas terán carácter vinculante e, neste caso, deberanse facer públicas no correspondente perfil de contratante en termos que garantan a igualdade e a concorrencia no procedemento de licitación”.

Esta obriga de proporcionar información adicional ós licitadores está recollida na cláusula 11.3 do prego que rexe a presente licitación ó dicir que “3.- Con carácter previo á presentación da documentación, os licitadores poderán solicitar a aclaración de dúbidas sobre os pregos e a documentación complementaria. As aclaracións e documentación poderán solicitarse, a través do Rexistro xeral, ata 10 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas. Estas serán contestadas polo órgano de contratación, mediante respostas que terán carácter vinculante e serán publicadas no perfil de contratante como máximo 6 días antes da finalización do citado prazo. No caso de que o procedemento sexa urxente este último prazo reducirase a 4 días”.

Informa ó respecto o xefe do servizo de Administración Electrónica o seguinte:

“En relación co recurso presentado por D. José Luis Castro Romero, con DNI número76402402J, en representación de la sociedade SEVERIANO SERVICIO MÓVIL S.A.U respecto á adxudicación do contrato para a “Catalogación e proxecto piloto de dixitalización do arquivo municipal expor que:

A limitación en canto a cantidade de arquivos e tamaño dos mesmos pretende racionalizar a extensión das propostas dos licitadores atendendo ás características do proxecto que se solicita buscando conseguir unha homoxeneización e igualdade nas formas das presentacións das ofertas para poder facer posible, por parte do equipo técnico do Servizo de Administración Electrónica, unha valoración eficiente da calidade dos proxectos presentados.

O recurrente, no punto 1 páxina 10, argumenta que

“Primer requisito de “documentos que sean precisos para la valoración de los criterios” impuesto en la cláusula 14.2 del PCAP respecto al contenido del SOBRE B:

Se aportó un único fichero electrónico que comprende las 4 partes/documentos (correspondientes a los 4 subcriterios a valorar) que se solicitan y detallan expresamente en el punto 6.A del Anexo 1 del PCAP, con un total máximo de 49 hojas (incluyendo portada), nº de páginas fácilmente identificable en el pie de página. Es decir, se da cumplimiento al requisito establecido en este punto 6.A de

“CONTENIDO DE SOBRE B: Incluirá el proyecto, la herramienta informática, el equipo de trabajo adscrito al proyecto y el Plan de formación, con el contenido descrito en el punto 7.A de esta FEC.”

Además, con este fichero electrónico se da cumplimiento a los 5 requisitos exigidos para la presentación de la documentación que se detallan en este mismo punto 6.A: “máximo 50 hojas por una cara, tamaño de hoja, tipo de letra, espaciado y no superar los 15 MB de tamaño”. Este compendio de las 4 partes/documentos aportados (correspondientes a los 4 subcriterios a valorar) se tituló por SEVERIANO SERVICIO MÓVIL, S.A.U. en la portada como “Propuesta Técnica con el contenido descrito en el punto 7.A de la FEC” (texto subrayado para resaltar que es idéntico al texto utilizado en el punto 6.A), de modo que lo que pretendía mi representada era facilitar al órgano valorador la identificación y cumplimiento de este primer requisito establecido en la cláusula 14.A del PCAP, así como de los requerimientos del propio punto 6.A). Así, exclusivamente en estas 49 páginas entregadas en un único fichero digital se aporta toda la información correspondiente a cada uno de los 4 subcriterios a valorar, y que debe ser puntuada según el detalle de valoración especificado en el apartado 7.A para cada uno de los subcriterios.

Así, exclusivamente en estas 49 páginas entregadas en un único fichero digital se aporta toda la información correspondiente a cada uno de los 4 subcriterios a valorar, y que debe ser puntuada según el detalle de valoración especificado en el apartado 7.A para cada uno de los subcriterios”

Con respecto a esta exposición hai que puntualizar que:

Ó realizar a valoración da proposta analizase todo o arquivo entregado polo licitador non tería sentido, por parte de quen analiza as propostas, realizar unha valoración tendo en conta so partes do arquivo en base a que estén ou non estean numeradas ás páxinas e en función de este criterio interpretar cales forman parte de un proxecto e cales son, según expón o recurrente material anexo.

No punto 2 (página 12) argumenta que:

“Y en esta aportación no se exige que forme parte de la parte/documento/información que sea precisa para valorar exclusivamente el subcriterio “Equipo de trabajo adscrito al proyecto” según especificaciones del apartado 7.A.1.c), sino que claramente se establece que únicamente debe acompañar al global de documentación correspondiente al único Criterio evaluable mediante juicio de valor establecido y denominado “Proyecto de digitalización del archivo”.

Con respecto a esta exposición hai que puntualizar que:

A achega a que fai referencia é esencial para valorar o punto 7.A.c de tal xeito, que como ben puntualiza o recurrente, a ausencia de esta parte información do proxecto á hora de valorar implica a asignación de unha puntuación de 0 puntos en este apartado. Non ten sentido pois argumentar que unha parte do proxecto a valorar non forme parte do mesmo, e se pretenda que se teña en consideración a hora de realizar asignación de puntos de un apartado.



Concello de Vigo

Por outra banda en este mesmo punto fan referencia a obrigación (apartado 5.F do PCAP) de adscribir un número mínimo de persoas con unhas características determinadas. Esta é unha condición indispensable do contrato que non está suxeita á valoración que se desprende do acatamento das condicións determinadas no PPT e PCAP por parte dos licitadores”.

Non debemos perder de vista que o adxudicatario puido presentar a oferta cumprindo cos requisitos esixidos. Ignora o recorrente o feito de que se non se penalizase os licitadores que non cumpren cos requisitos esixidos para a presentación de ofertas estaría prexudicándose ós que fixeron ben as cousas, extremo que si resultaría discriminatorio e contrario ó principio de igualdade. Podemos traer a colación aquí o Acuerdo 68/2016 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón, que versa sobre unha cuestión similar á que nos ocupa, tal e como describe no fundamento xurídico terceiro ó dicir que *“La cuestión objeto del recurso se centra en determinar si la actuación de la Mesa de contratación, al admitir aquellas propuestas que excedían de cinco páginas por los dos lados, respecto de la documentación relativa a los criterios de valoración de las ofertas sujetos a evaluación previa, fue correcta o no”*. E a conclusión a que chega, tras analizar o caso, como non podía ser doutro xeito é que *“**todos los licitadores potenciales deben conocer las reglas del juego, y éstas se deben aplicar a todos de la misma manera (...)**”* “la actuación de la Mesa de contratación dejó sin efecto la aplicación del límite máximo del número de folios permitido, perjudicando a aquellos licitadores que cumplieron de manera estricta con los criterios fijados en el procedimiento de licitación. En definitiva, **estamos ante un requisito que debe considerarse como un elemento esencial de la proposición y, en consecuencia, al tener influencia en la adjudicación del contrato, debe considerarse como un incumplimiento de un requisito sustancial de la proposición y, por tanto, produce el efecto de motivar la exclusión de las ofertas incumplidoras**”. Na mesma liña determina o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de Castilla y León na Resolución 50/2014, que *“una eventual excepción de unas limitaciones formales impuestas por el PCAP colocaría a los licitadores incumplidores en una situación favorable frente a los que hicieron un esfuerzo por cumplir las condiciones del pliego. Esta situación de discriminación de unas ofertas frente a otras resulta contraria al principio de igualdad de trato de los licitadores y no discriminación al que se refiere el artículo 1 TRLCSP”*.

Con respecto o feito de que a penalización é excesiva e vulnera os principios de contratación, é preciso recordarlle o licitador que debeu manifestalo no momento procedimental oportuno e este non é outro que o de publicación do procedemento. Neste intre a súa obriga, se considera que se vulneran os principios fundamentais da contratación era impugnar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta licitación.

O licitador non impugnou no momento procedimental oportuno o prego e presentou a súa oferta a este procedemento. E tras a licitación, e vendo que o resultado da mesma non lle favorece é cando acorda que a penalización por falta de cumprimento dos requisitos formais vulnera os principios xerais da contratación pública. Debemos recordar que a presentación da oferta supón a aceptación incondicional por parte do licitador dos pregos, tal e como dispón o artigo 139.1 da LCSP 139, sen excepción ou reserva ningunha. Se os licitadores non os impugnan e presentan oferta están vinculados polos mesmos. Neste senso, a Resolución nº 304/2018 de data 3 d outubro de 2018 do Tribunal Administrativo de contratación pública da Comunidade de Madrid sinala que:

“Como es sabido, los Pliegos conforman la Ley del contrato y vinculan a los licitadores que concurren a la licitación aceptando su contenido y también a los órganos de contratación y vinculan en sus propios términos, (Vid. por todas STS de 29 de septiembre de 2009 o Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Madrid, 128/2011, de 14 de febrero (JUR 2011/170863), de manera que los licitadores han de estar y pasar por los mismos en todo su contenido. En este sentido, recogiendo lo dispuesto en el artículo 145.1 del TRLCSP, la presentación de proposiciones supone, por parte del empresario, la aceptación incondicional del clausulado de los pliegos sin salvedad o reserva alguna.

(...)

Por tanto, los Pliegos constituyen la base del contrato y sus determinaciones las reglas conforme a las cuales debe ser cumplido al determinar el contenido de la relación contractual. Por lo que su contenido, no habiendo sido recurridos, vincula tanto a la Administración que los formula como a los licitadores, que al no impugnarlos, los aceptan incondicionalmente con la presentación de su oferta.(...)”

Ou a Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales n.º 1131/2018, que fala da improcedencia de impugnar o prego tras presentar unha oferta:

*“ya que la exigencia de la presentación de las ofertas en tiempo y forma constituye una exigencia de los pliegos rectores del contrato, debemos tener en cuenta como punto de partida para analizar esta cuestión, la especial consideración que merecen los pliegos de cláusulas de un contrato público, como ley rectora de ese contrato. Este Tribunal ha tenido ocasión de pronunciarse en multitud de ocasiones acerca de esa cualidad de “lex contractus” de los pliegos, una vez éstos adquieren firmeza. Así, la Sentencia de la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Supremo de 19 de Marzo de 2001 (Sección Séptima) y otras resoluciones de este Tribunal (178/2013, 17/2013 y 45/2013), afirman lo siguiente: “esta Sala Tercera ha recordado, en sentencia de 6 de febrero de 2001, la conocida doctrina jurisprudencial en cuya virtud el pliego de condiciones constituye la Ley del Concurso, debiendo someterse a sus reglas tanto el organismo convocante como los que soliciten tomar parte en el mismo, especialmente cuando no hubieran impugnado previamente sus bases, pues, en efecto, si una entidad licitante se somete al concurso tal y como ha sido convocado, sin impugnar, en ningún momento, las condiciones y bases por las que se rija, tomando parte en el mismo, con presentación de su correspondiente oferta y prestando su consentimiento tanto a las propias prescripciones de la licitación como a la participación de las restantes entidades, carecerá de legitimación para impugnarlo después, contraviniendo sus propios actos, cuando no resulte favorecida por las adjudicaciones que, obviamente, pretendía”. Este criterio se mantiene en la Resolución 321/2013, donde, con cita de la 178/2013, se precisa que **la falta de impugnación de los pliegos hace inviable la posibilidad de que se invoque posteriormente su supuesta improcedencia o ilegalidad para impugnar la adjudicación ya efectuada en favor de la proposición más conveniente a otro licitador, tanto más cuando que existe un trámite especialmente concebido para poder impugnar los citados Pliegos en su fase inicial mediante el recurso especial en materia de contratación contra “los anuncios de licitación, los pliegos y los documentos contractuales que establezcan las condiciones que deban regir la contratación”.***

Por otro lado, tiene declarado este Tribunal que el Pliego de Cláusulas Administrativas constituye la ley de contrato a la que deben sujetarse los licitadores, así como el propio órgano de contratación. Al efecto, hemos de partir del valor vinculante del Pliego aprobado por el ór-



Concello de Vigo

gano de contratación. El Pliego constituye auténtica lex contractus, con eficacia jurídica no sólo para el órgano de contratación sino también para cualquier interesado en el procedimiento de licitación. Como se señala en la Resolución 410/2014, de 23 de mayo, siguiendo el criterio fijado ya por este Tribunal, acorde con la Jurisprudencia del Tribunal Supremo, hemos de recordar que el Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares es la Ley que rige la contratación entre las partes y al Pliego hay que estar, respetar y cumplir, sin que por ello se contravenga el principio de concurrencia ni el de igualdad (resolución 47/2012, de 3 de febrero, recurso 047/2012). En efecto, abundando en dicha afirmación hemos de traer a colación la resolución 253/2011, a cuyo tenor: "a los efectos de lo concluido en el punto anterior de esta resolución, es menester recordar, que de acuerdo con una inveterada jurisprudencia, los pliegos constituyen ley del contrato como expresión de los principios generales esenciales que rigen las relaciones nacidas de la convención de voluntades, tales como el sintetizado en el brocardo "pacta sunt servanda" con los corolarios del imperio de la buena fe y del non licet contra los actos propios y, en segundo lugar, que en su interpretación es posible la aplicación supletoria de las normas del Código Civil, cuyo artículo 1.281 establece que si los términos del contrato son claros y no dejan lugar a dudas sobre la intención de los contratantes, habrá que estarse al sentido literal de sus cláusulas (Sentencias del Tribunal Supremo de 19 de marzo 2001, 8 de junio de 1984 o 13 de mayo de 1982). Jurisprudencia más reciente como la que se deriva de la Sentencia de la Sección 4 , Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Supremo de 8 de julio de 2009 se refiere a la interpretación literal o teleológica (si las palabras parecieren contrarias a la intención evidente de los contratantes, prevalecerá ésta sobre aquéllas, artículo 1.281 del Código Civil) y también a la propia interpretación lógica de las cláusulas del contrato". No se puede olvidar que el artículo 1.282 del Código Civil, en relación con el alcance y el contenido de las reglas interpretativas en materia contractual, exige tener en cuenta para juzgar la intención de los contratantes, los actos de aquellos coetáneos y posteriores al contrato. En última instancia, es necesario apuntar que una interpretación distinta llevaría a una interpretación del pliego en contra de su contenido natural, lo cual implicaría una grave vulneración del principio de seguridad jurídica y una ruptura del principio de igualdad, para aquellos licitadores que han respetado el contenido del pliego de cláusulas aquí discutidas. En este sentido, la presentación de proposiciones por parte de los licitadores supone por su parte, la aceptación incondicional del clausulado de los pliegos sin salvedad o reserva alguna".

Á vista do exposto, a xuízo da que subscribe, procede solicitar do Tribunal a desestimación da primeira alegación do escrito de recurso.

2.- A vulneración do artigo 145.1 da LCSP por canto a oferta do adxudicatario é a que ten unha peor relación calidade prezo

Na alegación segunda manifesta o recorrente que a oferta que resultou adxudicataria era a peor dende o punto de vista técnico. Se non se tivesen penalizado as outras ofertas por cuestións formais o adxudicatario tería a peor valoración dos tres licitadores.

No entanto, isto é unha falacia. A puntuación é a que é. O recorrente non acadou máis puntuación porque non presentou correctamente a súa oferta. Este dato implica unha falta de dilixencia. Un licitador serio e responsable antes de elaborar a súa oferta le e estuda os pregos, para presentar correctamente a documentación requirida.

Consecuentemente, non é posible soste a afirmación do recorrente respecto á relación calidade prezo da oferta que resultou adxudicataria, por canto a oferta económica do recorrente era máis cara e obtivo menor puntuación con relación a oferta económica.

A xuízo da informante, non procede estimar tampouco esta alegación.

-VI-

Conclusións

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamentos xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo da XGL de 7 de novembro de 2019 de adxudicación do procedemento que nos ocupa, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicitou a suspensión do procedemento. Dado que é a suspensión do procedemento é imperativa en caso de impugnación do acordo de adxudicación esta Administración está conforme coa mesma.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Acordo



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1081).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”. EXPTE. 2972/330.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 11/12/19, dáse conta do informe-xurídico proposta de data 10/12/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a secretaria de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 22 de outubro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” en réxime de concorrencia competitiva.

Con data 31 de outubro, apróbanse pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto das citadas subvencións. A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 500.000 € con cargo a partida 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio.

Con data 4 de novembro foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións, estipulándose un prazo de presentación de solicitudes de 10 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO (12 de novembro); por tanto iniciouse o día 13 e rematou o día 25 de novembro, ambos os dous incluídos.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo, segundo o estipulado na base décimo primeira, polo servizo da Área de Cultura, a través desta xefatura, que unha vez revisadas as solicitudes solicitouse aos/as interesados/as para que, nun prazo de cinco días hábiles, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, e conforme a cláusula décima das bases da convocatoria, someteuse en data 9.12.2019 á Comisión de Avaliación a valoración das solicitudes presentadas conforme os criterios estipulados na base décima, co seguinte resultado:

| | CALIDADE TÉCNICA | VIABILIDADE ECONÓMICA | TRAXECTO-RIA | GASTOS | TOTAL |
|--|------------------|-----------------------|--------------|--------|-------|
|--|------------------|-----------------------|--------------|--------|-------|

| ACTIVIDADE | PRO- XECTO | DESTINA- TARIOS | AVALIA- CION DE RESULTA- DOS | Solicita 100% | Ano 2008 | | |
|--|---------------|--------------------|---------------------------------------|---------------|----------|----|------------|
| ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-ANDREW LITTON | 15 | 15 | 7 | 0 | 10 | 7 | 54 |
| ORQUESTA DE INSTRUMENTOS RECIDADOS DE CATEURA | 15 | 15 | 10 | 0 | 10 | 10 | 60 |
| ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-DIMA SLOBODENIOUK | 15 | 15 | 6 | 0 | 10 | 7 | 53 |
| ZALON THOMPSON | 15 | 15 | 7 | 0 | 10 | 3 | 50 |
| ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-CONCIERTO PARA ZAPATA Y ORQUESTA | 15 | 15 | 7 | 0 | 10 | 3 | 50 |
| ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-CLEMENS SCHULDT | 15 | 15 | 6 | 0 | 10 | 7 | 53 |
| ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-DANIEL BJARNASON | 15 | 15 | 6 | 0 | 10 | 7 | 53 |
| ANTONIO ZAMBUJO | 15 | 15 | 9 | 0 | 10 | 10 | 59 |
| 500 NOCHES SABINA EN LAS VENAS | 15 | 15 | 8 | 0 | 10 | 3 | 51 |
| ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-CARLO RIZZI | 15 | 15 | 6 | 0 | 10 | 7 | 53 |
| GILBERTO GIL | 15 | 15 | 9 | 0 | 10 | 15 | 64 |
| MUSIC HAS NO LIMITS | 15 | 15 | 9 | 0 | 10 | 15 | 64 |
| PUNTUACIÓN TOTAL | | | | | | | 664 |

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia (LSG), da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Conforme o artigo 7.4 da LSG, a competencia para conceder subvencións nas entidades locais corresponde aos órganos que teñan atribuída na súa normativa específica, correspondendo á Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.g) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local e da delegación de facultades efectuada por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base décima segunda, apartado 4, das bases, previo informe da Intervención de Fondos, e coa conformidade da secretaria de Administración Municipal e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá se emite a seguinte:



Concello de Vigo

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Conceder as subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” a favor das entidades e proxecto que se relacionan e polas contías que se detallan, segundo acta de avaliación de data 9 de decembro de 2019, así como dispoñer o gasto e recoñecer a obriga polos importes de ditas axudas que ascenden á cantidade total de **159.792,76 € (CENTO CINCOENTA E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS)**, con cargo á aplicación 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio:

| SOLICITANTE | ACTIVIDADE | PUNTUACIÓN TOTAL | TOTAL puntosx753,01 € | CUSTE DA ACTIVIDADE | 90% CUSTE DA ACTIVIDADE (máximo subvencionable) |
|-------------------------------------|--|------------------|-----------------------------|---------------------|--|
| ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-ANDREW LITTON | 54 | 40.662,54 € | 9.839,97 € | 8.855,97 € |
| ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | ORQUESTA DE INSTRUMENTOS RECICLADOS DE CATEURA | 60 | 45.180,60 € | 17.735,89 € | 15.962,30 € |
| ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-DIMA SLOBODENIOUK | 53 | 39.909,53 € | 9.519,94 € | 8.567,94 € |
| ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | ZALON THOMPSON | 50 | 37.650,50 € | 7.946,00 € | 7.151,40 € |
| ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-CONCIERTO PARA ZAPATA Y ORQUESTA | 50 | 37.650,50 € | 6.984,75 € | 6.286,27€ |
| ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-CLEMENS SCHULDT | 53 | 39.909,53 € | 9.771,68 € | 8.794,51 € |
| ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-DANIEL BJARNASON | 53 | 39.909,53 € | 9.226,16 € | 8.303,54 € |
| ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | ANTONIO ZAMBUJO | 59 | 44.427,59 € | 17.476,43 € | 15.728,78 € |
| ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | 500 NOCHES SABINA EN LAS VENAS | 51 | 38.403,51 € | 5.681,64 € | 5113,47 € |
| ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-CARLO RIZZI | 53 | 39.909,53 € | 9.424,38 € | 8.481,94 € |
| ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | GILBERTO GIL | 64 | 48.192,64 € | 36.970,36 € | 33.273,32 € |
| ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | MUSIC HAS NO LIMITS | 64 | 48.192,64 € | 36.970,36 € | 33.273,32 € |

| SOLICITANTE | ACTIVIDADE | PUNTUACIÓN TOTAL | TOTAL puntosx753,01 € | CUSTE DA ACTIVIDADE | 90% CUSTE DA ACTIVIDADE (máximo subvencionable) |
|-------------|------------|---------------------|-----------------------------|------------------------|---|
| | | 664 | | 177.547,56 € | 159.792,76 € |

SEGUNDO.- De acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicar o presente acordo no portal de transparencia municipal.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao/s interesado/s.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1082).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez